



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 25 de OUTUBRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(844).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(845).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DESDE O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20090/101.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 21/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do

Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se contén no informe de necesidade e orden de inicio asinado o 26 de xuño de 2024 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e máis pola Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal se dispón que se inicie expediente administrativo a prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire ao Alcalde en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas nos artigos 124.1 e 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como do artigo 69 da antedita lei relativo á información e participación cidadá.

**Primeiro.-** Con data 13 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente nº 19581-101 “Planificación estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación. 2023-2025”.

A planificación da actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo unha maior transparencia e rendición de contas no marco dunha mellor gobernanza.

Permite ademais obter uns resultados medibles e avaliábeis da acción municipal en materia de comunicación e publicidade é un dos eixos principais da elaboración da planificación estratéxica.

Establécense nesta estratexia 5 obxectivos básicos:

Obxectivo 1.- O impulso e avance da organización municipal cara a excelencia e a transparencia no ámbito da comunicación e a publicidade coa fin de responder á necesidade de satisfacer o dereito á información dos cidadáns.

Obxectivo 2.- Promover a cultura da información comunicando á xestión do Concello de Vigo á cidadanía en todos os ámbitos.

Obxectivo 3.- Lograr a través da comunicación efectiva das accións municipais, unha percepción da transformación do municipio vinculada a mellora da súa imaxe e da calidade de vida dos seus habitantes e lograr unha cidadanía máis participativa.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Obxectivo 4.- Obter uns resultados medibles e avaliábeis da acción municipal en materia de comunicación e publicidade que permitan unha mellora continua da estratexia comunicativa e unha avaliación dos retornos publicitarios e económicos das accións.

Obxectivo 5.- Fomento de valores sociais, culturais, deportivos, educativos e de orgullo de pertenza a cidade de Vigo.

**Segundo.-** O artigo 3.1. da Lei 29/2005 de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional recolle os requisitos das campañas institucionais de publicidade e comunicación que terán entre outros obxectivos: informar aos cidadáns dos seus dereitos e obrigas legais, de aspectos relevantes do funcionamento das institucións públicas e das condicións de acceso e uso dos espazos e servizos públicos; advertir da adopción de medidas de orde ou seguridade públicas cando afecten a unha pluralidade de destinatarios; anunciar medidas preventivas de riscos que contribúan a eliminación de danos de calquera natureza para a saúde das persoas ou do patrimonio natural; así como comunicar programas e actuacións públicas de relevancia ou interese social.

No artigo 3.4. da antedita lei establécese que as campañas institucionais axustaranse sempre ás esixencias derivadas dos principios de interese xeral, lealdade institucional, veracidade, transparencia, eficacia, responsabilidade, eficiencia e austeridade no gasto.

O artigo 8 da Lei 29/2005 de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional recolle que os contratos vinculados ás campañas reguladas por esta lei adjudicaránse con arranxo a súa normativa aplicable, respectando estritamente os principios de publicidade e concorrência, e atendendo sempre a criterios tales como o custo económico e a eficacia prevista do Plan de Medios.

O artigo 8 da Lei 29/2005 de 29 de decembro de Publicidade e Comunicación Institucional recolle que os contratos vinculados ás campañas reguladas por esta lei adjudicaránse con arranxo a súa normativa aplicable, respectando estritamente os principios de publicidade e concorrência, e atendendo sempre a criterios tales como o custo económico e a eficacia prevista do Plan de Medios.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

1.A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 26 de xuño de 2024, asinada pola xefa do departamento administrativo da

Alcaldía e máis pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal

2.Memoria económica asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e máis pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 15 de outubro de 2024 e conformada polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda" con data de data 16 de outubro de 2024, cun informe aclaratorio por dilixencia da xefa do Departamento da Alcaldía da mesma data, que recolle as correccións realizadas sobre a memoria de data 1 de xullo de 2024, que non afectan aos documentos económicos (operacións nº 12024000126457-RC- e 12024000126462-RCFUT).

3.Certificados de retención de crédito de data 8 de xullo de 2024 (operacións nº 12024000126457-RC- e 12024000126462-RCFUT).

4.Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 18 de outubro de 2024, asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

5.Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 18 de outubro de 2024, asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

6.Memoria xustificativa de data 18 de outubro de 2024, asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e máis pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

7.Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública de data 18 de outubro de 2024, asinada pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

8.Prego de cláusulas administrativas particulares de data 18 de outubro de 2024 asinado pola Xefa pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

## **II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O presente contrato ten por obxecto a contratación dunha empresa de servizos de axencia de publicidade para crear e canalizar a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios as diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo e que se consideran de interese para informar á cidadanía.

O contrato terá que dar cobertura con carácter xeral ás seguintes prestacións:

- Plan de Medios Xeral institucional que incluírá a selección e proposta de medios (prensa escrita, medios dixitais, radios, televisión) e soportes publicitarios, periodicidade e número de impactos publicitarios en base ao "ranking" de audiencias, público obxectivo, e proposta de cronograma, tendo en conta o orzamento máximo dedicado a este concepto e aos prezos unitarios por inserción propostos pola axencia para cada medio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Deseño da imaxe e proposta de creatividade para cada unha das 30 campañas ou accións publicitarias impulsadas dende o Concello de Vigo con súas posibles subcampañas ou desenvolvemento de accións puntuais dentro de cada unha delas.
- Deseño e maquetación de ANUNCIOS con información municipal de carácter obrigatorio e de BANDOS institucionais.
- Realización, gravación e edición de cuñas radiofónicas de 20" que incluírán honorarios e dereitos, montaxe e locutor.
- Realización, gravación, edición de anuncios de televisión 20" que incluírán guión, selección de actores ou modelos, locutores ou voces en off, localizacións e escenografía, equipos, música, postproducción e dereitos.
- Deseño, maquetación e produción de soporte formato axenda anual.
- Deseño, maquetación e produción de soporte formato calendario anual.
- Elaboración de informes de retorno publicitario das propostas de patrocinio publicitario por parte de empresas privadas ou institucións públicas.
- Elaboración de reportaxes fotográficos e de vídeo vencellados ás campañas e accións publicitarias obxecto do contrato.
- Impresión de material gráfico en diferentes soportes.
- Compra dos espazos publicitarios e insercións en medios de comunicación en prensa escrita, medios dixitais, radio e televisión, redes sociais ou calquera outro soporte e formato segundo tarifas.
- Compra de espazos para publicidade exterior de pequeno e mediano formato: valos publicitarios, marquesiñas, rótulos luminosos dixitais e publicidade en movemento: autobuses urbanos e taxis.

Non formarán parte deste contrato aquelas actuacións de comunicación e publicidade que formen parte de proxectos concretos e específicos que o seu ámbito de actuación exceda a comunicación local o no seu caso aqueles que se sometan a procedementos de contratación específicos pola súa singularidade.

O número máximo de campañas, programas, accións institucionais que se consideran incluídas no servizo obxecto de licitación durante o período de vixencia do contrato ascenden a un máximo de 30 (trinta) campañas institucionais, que poderán ter a súa vez subcampañas ou diferentes desenvolvementos da imaxe ou accións.

Ao tratarse dun contrato de servizos en función das necesidades da administración, previsto na D.A. 33ª da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o número de unidades de cada un dos concepto obxecto do servizo, quedará determinado polas necesidades das diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación, non obstante o número mínimo de campañas, programas e accións institucionais que poderán ser ata 30 anuais.

## **2.-LOTES.**

Non.

En cumprimento do establecido no art. 99.3.b) da Lei 9/2017, determínase que non procede a división do contrato en lotes, xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo, toda vez que ao implicar a necesidade de coordinación na execución das diferentes prestacións do servizo, esta cuestión podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e pola execución dunha pluralidade de contratistas diferentes.

Entre as motivacións da non división en lotes atópanse as seguintes:

- a) Coherencia: A comunicación institucional funciona de maneira efectiva cando existe unha coherencia na mensaxe. A claridade, a continuidade e consistencia da mensaxe e a adecuación na selección dos canles de difusión, así como a selección do número de impactos en cada un deles é esencial e debe ser compacta , coherente e ter uns códigos de comunicación semellantes. Isto fai posible a aliñación coa estratexia de comunicación e que a mensaxe mantengase consistente en todas as fases do proceso publicitario.
- b) Fluidez e eficacia na comunicación: Manter todas as actividades coordinadas pola mesma empresa facilita a comunicación entre as distintas etapas do proceso publicitario, evita os malos entendidos e fallos na comunicación.
- c) Calidade: A non realización do lotes permite establecer estándares de calidade uniformes e asegurarse de que todos os servizos publicitarios cumplan cos mesmos criterios de excelencia.
- d) Sinerxías e eficiencia: Aproveitase mellor as sinerxías entre a creación dos deseño e a compra de espazos nos medios e selección de soportes, cunha mais rápida adaptación aos diferentes canles de medios e optimizando o rendemento da campaña publicitaria.
- e) Implicación na estratexia de comunicación da marca e responsabilidade: O feito de que unha sola empresa estea involucrada tanto no deseño creativo como na compra de espazos e selección de soportes publicitarios fai que teña unha maior implicación e un coñecemento mais profundo das necesidades da estratexia comunicativa. Permite ademais a identificación de responsabilidades en caso de calquera fallo no proceso publicitario.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Por todo o exposto, para acadar os obxectivos do presente contrato en canto ao traslado da mensaxe institucional aos cidadáns, tanto a estratexia comunicativa como a súa implantación deben estar están vinculadas e baixo unha mesma dirección, xa que considéranse complementarias e non separables, polo que deben tratarse como unha unidade funcional. Todo isto podería verse imposibilitado pola división en lotes e pola execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

### **II.2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación**

O contrato definido ten a consideración de contrato administrativo de servizos, de acordo co establecido no artigo 17 e 25 da lcsp, en función das necesidades da administración, previsto na d.a. 33ª da lei 9/2017, de contratos do sector público, toda vez que o número de unidades de cada un dos concepto obxecto do servizo, quedará determinado polas necesidades das diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o concello de vigo e por tanto, debe considerarse aproximado, ao ser estimado en función dos datos derivados do contrato 18174-101 vixente.

O presente contrato adxudicarase segundo o artigo 131 LCSP polo **procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación** de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP.

A forma de tramitación do expediente será **ordinaria**.

Aos efectos de aplicación do artigo 145.4 LCSP (criterios relacionados coa creatividade), aínda que parcialmente integre o obxecto do contrato unha prestación destinada ao deseño e creación das diferentes campañas, a prestación principal é compra de espazos en medios de comunicación, sendo o deseño da creatividade unha prestación accesoria do obxecto principal.

O obxecto do contrato identifícase cos **códigos CPV** seguintes: 79341000-6 (servizos de publicidade), 79341100 (servizos de consultoría e publicidade) e 79341400-0 "Servizos de campañas de publicidade."

### **II.3.- Prazo de execución e prórroga.**

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 3 de marzo de 2025 ao 2 de marzo de 2026 establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

### **II.4.- Prezo do contrato e orzamento base de licitación.**

a) O límite máximo de gasto do contrato ascende a **1.667.338,51 €** (un millón seiscentos sesenta e sete mil trescentos trinta e oito euros con cincuenta e un céntimos) iva engadido. Sendo o importe correspondente ao iva de **289.372,80 €** (douscentos oitenta e nove mil trescentos setenta e dous euros con oitenta céntimos).

b) En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo abonarase en función da prestación realmente executada, que servirá como base para a execución deste contrato.

c) Os prezos unitarios máximos do contrato atópanse detallados no punto 3.G das FEC do prego de cláusulas administrativas particulares deste expediente.

#### **II.5.-Valor estimado:**

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado deste contrato de servizos refírese ao importe total, excluído o IVE, é dicir a suma da anualidade mais as prórrogas.

Sendo o valor estimado do contrato **5.787.455,98 €**

O valor estimado calculouse sumándolle os importes das prórrogas que se contemplan ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais e por canto neste contrato non se prevén modificacións.

#### **II.6.-Anualidade:**

1 anualidade. Do 3 de marzo de 2025 ao 2 de marzo de 2026 por un importe de **1.667.338,51** co iva engadido, que podería tramitarse como anticipado de gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias:

- 9120.2279906 (producción e seguimento de medios) ou a súa bolsa de vinculación, por importe de **342.817,85 €**. (Número de documento 12024000126457)
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) ou a súa bolsa de vinculación, por importe de **1.324.520,66 €**.(Número de documento 12024000126462)

Segundo os anos, partidas e importes seguintes:

##### **- Ano 2025:**

- 9120.2279906 (producción e seguimento de medios): 317.817,85 €
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais): 1.279.520,66 €





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### - Ano 2026:

- 9120.2279906 (producción e seguimento de medios): 25.000,00 €
- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais): 45.000,00 €

### **II.7.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.**

O importe da licitación podería tramitarse como anticipado de gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias: 9120.2279906 (producción e seguimento de medios) ou a súa bolsa de vinculación, e 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) ou a súa bolsa de vinculación correspondente aos anos 2025 e 2026.

O presente contrato non está incluído no “Plan anual de contratación” para o ano 2024, xa que será tramitado como anticipado de gasto, correspondendo a súa inclusión no Plan anual de contratación para o ano 2025.

A adxudicación quedará condicionada á consignación do crédito adecuado e suficiente nos orzamentos para os devandito exercicios.

O gasto proposto, establece tamén de conformidade co principio de sustentabilidade financeira, de acordo co cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos nos orzamentos dos anos 2025 e 2026, e as posibles prorrogas. Non suporá un desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

### **II.8.- Solvencia.**

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

#### A) Acreditación da solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:

#### A) Acreditación da solvencia económica e financeira:

a) Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración incluídas as prórrogas non sexa superior a un ano.

- Ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano. Para calcular a anualidade media do orzamento base de licitación dividirase este entre os meses de duración do contrato, sen ter en conta as eventuais prórrogas, e multiplicarase por 12.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

b) Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

#### B) Acreditación da solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación “alternativa” prevista no apartado 5.A.

### C) Acreditación da solvencia técnica e profesional das empresas de nova creación

Se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) poderán acreditar a solvencia técnica por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP, agás que no apartado 5 das FEC se sinalen outros distintos.

### D) Integración da solvencia con medios externos

Cando unha empresa desexe utilizar as capacidades doutras entidades, deberá incluír no sobre A o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III do PPAP.

### F) Medios persoais a adscribir á execución do contrato.

Considéranse necesarios catro postos para o correcto desenvolvementos do contrato:

1. Director/a creativo/a executivo/a (GRUPO I. Convenio colectivo estatal do sector de empresas de publicidade): deberá ter titulación de licenciado ou graduado e unha experiencia mínima en traballos de similares características de tres anos. A titulación acreditarase presentando título expedido por un organismo oficial e a experiencia mediante a presentación de contratos e vida laboral.
2. Supervisor/a de tráfico (GRUPO II. Convenio colectivo estatal do sector de empresas de publicidade): deberá ter titulación Formación Profesional ou ciclo formativo superior e unha experiencia mínima en traballos de similares características de tres anos. A titulación acreditarase presentando título expedido por un organismo oficial e a experiencia mediante a presentación de contratos e vida laboral.
3. Xefe/a de compra de medios (GRUPO II. Convenio colectivo estatal do sector de empresas de publicidade): deberá ter titulación de licenciado ou graduado e unha experiencia mínima en traballos de similares características de tres anos. A titulación acreditarase presentando título expedido por un organismo oficial e a experiencia mediante a presentación de contratos e vida laboral.

4. Director/a arte junior (GRUPO III. Convenio colectivo estatal do sector de empresas de publicidade): deberá ter titulación de licenciado ou graduado e unha experiencia mínima en traballos de similares características de tres anos. A titulación acreditarase presentando título expedido por un organismo oficial e a experiencia mediante a presentación de contratos e vida laboral.

En cumprimento do artigo 76.3. da LCSP, asignación dos medios persoais anteditos e razoable, xustificada e proporcional ás características do contrato, toda vez que os catro postos están directamente relacionados cos aspectos fundamentais do contrato: compra de medios e espazos publicitarios, creación de campañas publicitarias, control de calidade da produción técnica e imaxe e deseño das campañas publicitarias.

#### **II.9.- Criterios de avaliación e xustificación.**

En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da LCSP, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade-prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo unitario, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

A adxudicación realizarase entre as ofertas recibidas con arranxo aos criterios obxectivos e baremos, e conforme ao establecido a continuación.

As ofertas serán valoradas en función dos criterios de valoración que seguen:

- a) Criterios avaliábelos mediante xuízo de valor: valorárase con ata 45 puntos.
- b) Criterios avaliábelos mediante a aplicación de fórmulas e sistema de ponderación/puntuación: valorárase ata 55 puntos.

#### **II.10.- Subcontratación.**

Conforme ao establecido no artigo 215 da LCSP poderá subcontratar con terceiros a realización parcial da prestación.

Establécese como tarefas críticas que non admite subcontratación aos efectos do artigo 115.2.e as seguintes:

- Elaboración e implementación do Plan de Medios xeral.
- Elaboración da creatividade, deseño e maquetación das campañas e accións publicitarias obxecto deste contrato.
- Xestión da compra de medios.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

A motivación do establecemento das anteditas tarefas críticas está baseada na súa relación directa cos medios persoais esixidos e necesarios para o correcto desenvolvemento do contrato.

### **II.11 Modificación do contrato**

En cumprimento do establecido no artigo 203 e seguintes da LCSP, os contratos solo poderán ser modificados por razóns de interese público.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, sendo o mesmo de tracto sucesivo e por prezo unitario, que a contía total non pode definirse con exactitude por estar supeditadas ás necesidades derivadas do desenvolvemento dos distintos plans de comunicación, se establecen os seguintes termos e condicións para a modificación de conformidade coa D.A. 33ª LCSP:

- Aspectos a modificar: O importe do orzamento máximo anual.
- Circunstancias que determinan a modificación: Un incremento das necesidades estimadas inicialmente que provoquen un aumento das prestacións.
- Limites da modificación: as modificacións poderán afectar como máximo ao 20% do orzamento inicial anual de conformidade co artigo 204.1 LCSP.
- Especialidades: non se prevén.

### **II.12.- Responsable do Contrato**

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle a persoa responsable do contrato, a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización das prestacións dos diferentes lotes que integran o contrato.

### **II.13- Seguro**

Durante a prestación do servizo, a empresa adxudicataria deberá subscribir e manter en vigor, ao seu cargo, un Seguro de Responsabilidade Civil cun límite de indemnización non inferior a 100.000 euros, que garanta as reclamacións das que o Contratista puidese resultar civilmente responsable polos danos materiais ou persoais, así como prexuízos consecuencias que a empresa adxudicataria poida ocasionar a terceiros durante o período do servizo contratado. Tales danos poden ter a súa orixe da inserción de anuncios con contidos que non fosen sometidos previamente ao control da Concellería de Xestión Municipal, e que poidan dar lugar a reclamacións por parte de terceiros contra a administración municipal. Unicamente quedará excluído de responsabilidade algunha cando os contidos inseridos fosen aprobados pola administración municipal.

O Adxudicatario acreditará o cumprimento desta obrigaón mediante a achega da Póliza subscrita e xustificante de abono do recibo correspondente con carácter previo á formalización do contrato, e en todo caso, previamente ao comezo dos traballos.

#### **II.14.- Referencia ao réxime de pagamento.**

O pago do prezo á empresa adxudicataria realizarase previa presentación polo contratista da correspondente factura con suxeición aos requisitos que establece a Lei 25/2103, de 27 de decembro, de impulso de factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da AGE, a través da plataforma FAcE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado: <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face>, de conformidade co establecido na citada Ley 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

Código DIR3:

GE0000575 - Servizos Económicos

L01360577 - Concello de Vigo

GE0000668 - órganos de Goberno

O aboamento do prezo realizarase do seguinte xeito:

- Un pago anual polo importe ofertado polo adxudicatario para o concepto “Plan de Medios Xeral”, que se aboará tras a presentación da correspondente factura, unha vez que a citada estratexia de comunicación sexa aprobada pola responsable do contrato.
- Dado que os prezos unitarios por tarifa das insercións en medios de comunicación e en soportes gráficos impresos non inclúen os custes laborais, os custes xerais, nin o beneficio industrial. Estes aboaranse mensualmente en función das unidades de insercións ou soportes realizados, co desconto ofertado pola adxudicataria, máis a porcentaxe dos custes laborais, os custes xerais e o beneficio industrial.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP, para a contratación da prestación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo.

**Segundo.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e asinado con 18 de outubro de 2024.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data de 18 de outubro de 2024.

**Cuarto.-** Aprobar un límite máximo de gasto do contrato por importe de 1.667.338,51 € (un millón seiscentos sesenta e sete mil trescentos trinta e oito euros con cincuenta e un céntimos) co ive engadido, sendo o importe correspondente ao ive de 289.372,80 € (douscentos oitenta e nove mil trescentos setenta e dous euros con oitenta céntimos), que podería tramitarse como anticipado de gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias:

- 9120.2279906 (produción e seguimento de medios) ou a súa bolsa de vinculación, por importe de **342.817,85 €**. (Número de documento 12024000126457).

- 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais) ou a súa bolsa de vinculación, por importe de **1.324.520,66 €**.(Número de documento 12024000126462).

Segundo os anos, partidas e importes seguintes:

**- Ano 2025:**

- o 9120.2279906 (produción e seguimento de medios): 317.817,85 €
- o 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais): 1.279.520,66 €

**- Ano 2026:**

- o 9120.2279906 (produción e seguimento de medios): 25.000,00 €
- o 9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais): 45.000,00 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(846).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19157/101.**

Visto o informe xurídico de data 21/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/10/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

*“Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:*

- *LOTE 1: Servizo de catering para almuerzo ou “coffe break” (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)*
  - a) *O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*
  - b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
  - c) *Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*
  
- *LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa*
  - a) *O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
  - b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
  - c) *Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*
  
- *LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- a) O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.
- b) Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.
- c) Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.
- d) Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.

- **LOTE 6:** Bolsa “brunch” ou almozos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais

- a) O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.
- b) Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.

*Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Os contratos para cada un dos catro lotes (1, 2, 5, e 6) formalizáronse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (11 de novembro de 2022).*

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

*Segundo.- Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:*

- **LOTE 4:** Servizo de catering para vino español

- a) O prezo máximo do lote é de 18.446,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.676,92 euros, cun prezo unitario de 16,23 euros.
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 4 unidades

*c) Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 3 unidades*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

O contrato para o lote 4 formalizáronse en documento administrativo en data 23 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (24 de novembro de 2022).

Os contratos para os lotes 1, 2, 4, 5 e 6 poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

*"Primeiro.- Adxudicar a LUCIMARCA, S.L. (B-66.000.498) os lotes 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:*

*- LOTE 3: Servizo de catering para aperitivo ou cóctel con doces*

*a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 13,00 euros.*

*- LOTE 7: Subministro de augas embotellada de 500 ml para actos, eventos e reunións*

*a) O prezo máximo do lote é de 2.635,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 239,56 euros, cun prezo unitario de 0,25 euros.*

Os contratos para os lotes 3 e 7 formalizáronse en documento administrativo en data 28 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (29 de novembro de 2022).

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**“Primeiro.-** *Aprobar a primeira prórroga do “servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)” para os seguintes LOTES:*

**1.- LOTES 1, 2, 5 e 6** *adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.*

**2.- LOTE 4** *adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.*

**3.- LOTES 3 e 7** *adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.*

**Quinto.-** En data 9 de setembro de 2024, comunícase ao GRUPO ZAKA RESTAURACION S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2024, e mais a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2024. Así como o inicio da segunda prórroga dos lotes 1, 2, 4 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos. E máis a segunda prórroga para o LOTE 4 entre o período comprendido entre os días 24 de novembro de 2024 ao 23 de novembro de 2025.

**Quinto.-** En data 10 de setembro de 2024, comunícase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2024. Así como o inicio da segunda prórroga dos

LOTES 3 E 7 comprendido entre os días 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

**Sexto.-** A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresas foron comunicadas da finalización dos prazo dos contratos e do inicio da segunda prórroga:

- En data 9 de setembro de 2024, comunícase ao GRUPO ZAKA RESTAURACION S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2024, e mais a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2024. Así como o inicio da segunda prórroga dos lotes 1, 2, 4 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos. E máis a segunda prórroga para o LOTE 4 entre o período comprendido entre os días 24 de novembro de 2024 ao 23 de novembro de 2025.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- En data 10 de setembro de 2024, comunícase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2024. Así como o inicio da segunda prórroga dos LOTES 3 E 7 comprendido entre os días 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

### PROPOSTA

Polo exposto, considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do *servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)* dos seguintes lotes e polos períodos que se detallan a continuación:

**Primeiro.-** O comprendido entre os días 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos; para os **LOTES 1, 2, 5 e 6** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

**Segundo.-** O comprendido entre os días 24 de novembro do 2024 e 23 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos para o **LOTE 4** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

**Terceiro.-** O comprendido entre os días 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos para os **LOTES 3 e 7** adxudicado a LUCIMARCA S.L.

Toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía correspondente ou a súa bolsa de vinculación.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a segunda prórroga do “servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)” para os seguintes LOTES:

**1.- LOTES 1, 2, 5 e 6** adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

**2.- LOTE 4** adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2024 e 23 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

**3.- LOTES 3 e 7** adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

**Segundo.-** Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

➤ LOTE 1 por importe de 10.540,64 €, sendo a cota de IVE de 958,24 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025 ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 2 por importe de de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025,ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 3 por importe de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)

➤ LOTE 4 por importe de 18.446,12 €, sendo a cota de IVE de 1.676,92 €, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

2024 e 23 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 5 por importe de 39.527,40 € sendo a cota de IVE de 3.593,40 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 6 por importe de 12.648,76 € sendo a cota de de IVE de 1.149,89 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 7 por importe de 2.635,16 €, sendo a cota de IVE de 239,56 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)

a) O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2024**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2024
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.177,80	457,34	2.635,14 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	3.811,17	800,34	4.611,51 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,82	1.715,03	9.881,85 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.613,37	548,81	3.162,18 €

912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	544,44	112,33	658,77
---	---	-------------------------------	--------	--------	--------

b) O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	6.533,47	1.372,03	7.905,50 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	11.433,56	2.401,05	13.834,61 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	24.500,46	5.145,09	29.645,55€
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	7.840,15	1.646,43	9.486,58€
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	1.633,38	343,01	1.976,39 €

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) adxudicataria dos lotes 1, 2, 4, 5, e 6 ; e a empresa LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498) adxudicataria dos lotes 3 e 7, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(847).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN NAS INSTALACIÓNS DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. EXPTE. 265845/301.**

Visto o informe xurídico do 18/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/10/2024, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución de data 28.05.2024 a Concelleira da Área de goberno de *Política Social e Turismo* acordou incoar expediente administrativo para a contratación da prestación, en instalacións municipais, dos servizos de formación da Concellería de Política Social, encomendando a súa tramitación ós seus servizos técnicos, xurídicos e administrativos, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Xefa de Servizo de Benestar (27.05.2024), o Xefe de Área (28.05.2024) e a Concelleira da Área de goberno de *Política Social e Turismo* (28.05.2024) (trámite nº 5).
- Memoria económica subscrita polo Xefe de Área de Benestar Social o 31.05.2024 e conformada pola Concelleira delegada (trámite nº 14).
- Memoria xustificativa do contrato (última versión), asinada o 01.10.2024 polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada; trámite nº 72.

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 04.09.2024 polo Xefe de Área de Benestar Social e conformado pola Concelleira delegada na mesma data (trámite nº 55).
- Declaración do redactor do Prego técnico, asinada o 28.05.2024 (trámite nº 8).
- Documento económico (RC\_FUT 12024000099234), asinado polo responsable da Contabilidade municipal, de data 31.05.2024 (trámite nº 18).
- Informe da Xefa da Área de contratación e novos proxectos do 01.10.2024 (trámite nº 74) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL” (última versión), asinado o 17.10.2024 pola Xefa da Área de Contratación e novos proxectos (trámite nº 126).

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024 (XGL do 29.12.2023).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

III.1. A contratación das actividades formativas da Concellería de Política Social en instalacións municipais ten como finalidade mellorar a inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social e favorecer a incorporación social das persoas vulnerables. Esta iniciativa pode encadrarse nas competencias a exercer polos municipios en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, promoción e reinserción social (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e Arts. 80.2.k) e 81.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

III.2. A Concellería de Política Social conta xa desde o ano pasado cun centro de formación, no Casco Vello de Vigo, na rúa Alta n.º 23, como espazo de inclusión e participación no que se pretende lograr a capacitación de persoas que, atopándose en situación de vulnerabilidade por diferentes motivos, esforzarse para lograr unha mellora da súa situación socioeconómica, formación laboral ou simplemente da autonomía persoal.

Este Centro conta cos equipamentos e requisitos necesarios para levar a cabo a formación prevista e dispón de diversas salas para impartir cursos de carácter multidisciplinar, destacando en especial a utilización das novas tecnoloxías, así como zonas comúns onde se fomentará, como parte do programa, as relacións entre as persoas usuarias.

A maiores, para o desenvolvemento dos distintos módulos formativos por impartir a través do contrato de servizos que se pretende formalizar, poderanse utilizar as demais instalacións municipais dispoñibles, sen prexuízo da utilización tamén, cando estea xustificada e as circunstancias así o aconsellen, da modalidade de “*Aula virtual*”.

III.3. Na actualidade, a Concellería de Política Social carece do número suficiente de persoal técnico cualificado para desenvolver as accións de formación e de titorización necesarias para a execución do obxecto do contrato (Art. 116.4.f] LCSP), polo que proponse o inicio inmediato do expediente de contratación que permita poñer en marcha a partir do ano próximo as actividades formativas e de titorización do alumnado que a continuación se especifican e que conforman os dous (2) lotes seguintes:

-Lote I: Especialidade formativa para a redución da fenda dixital de persoas en situación ou risco de exclusión social.

-Lote II: Especialidade formativa consistente en obradoiros de habilidades sociais, competencias persoais, xénero, autoestima, procura de emprego, cidadanía e integración. para persoas en situación ou risco de exclusión social.

III.4. Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio de 2024, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 29.12.2023 (Exp. n.º 6940/241) e publicado no perfil do contratante.

III.5. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOP n.º 133, do 09.07.2024) e os Acordos da XGL do 22.06.2023, Apdo. Segundo, Pto.6 (BOPPO n.º 129, do 05.07.2023) e do 28.06.2024, Apdo. Terceiro, Pto.6 (BOPPO n.º 134, do 10.07.2024). A Concelleira da Área de goberno de *Política Social e Turismo*, en Resolución do 28.05.2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.6. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Xefatura de Área de Benestar Social e conformado pola Concelleira delegada, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de

Contratación (17.10.2024) e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa do Servizo de Contratación e novos proxectos do 01.10.2024, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.7. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha. Propónse contratar pola duración máxima permitida pola lei dada a necesidade de darlle estabilidade e continuidade ás accións formativas previstas, tendo en conta ademais que resposta a unha necesidade permanente do colectivo de persoas vulnerables. Fíxase como data de inicio deste contrato o 02.01.2025.

III.8. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria. O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H e 1.J das FEC).

De acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP e na Base de execución nº 29 dos Orzamentos municipais, o expediente de contratación tramitarase como anticipado de gasto.

III.9. O prezo do contrato é de 150.000€, resultado da suma do prezo dos dous lotes. Está exento de IVE por tratarse de actividades de formación. O gasto poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.99.09 - “*Outras actividades grupos desfavorecidos*” ou bolsa de vinculación dos orzamentos do Concello de Vigo.

III.10. Trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración, segundo o previsto na Disposición adicional trixésima terceira da LCSP. En consecuencia, adxudicarase polo total do prezo de cada lote e, en función dos prezos unitarios de adxudicación de cada un deles, o Concello disporá dun número determinado de horas/formador e usuario/a para cada un dos lotes.

III.11. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente incorporarase o certificado de existencia de crédito (RC\_FUT 12024000099234; trámite nº 18). A Intervención xeral municipal deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.12. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas da Concellería de Política Social en instalacións municipais, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 72 e 14), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 55), o Prego de Cláusulas Administrativas Particula-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

res, do 17.10.2024 (trámite n.º 126), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público. De acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP e na Base de execución n.º 29 dos Orzamentos municipais, o expediente tramitarase como anticipado de gasto.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (150.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.99.09 - “*Outras actividades grupos desfavorecidos*” ou bolsa de vinculación dos orzamentos do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(848).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3780/341.**

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte. 2.299-341) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte. 2.299-341) (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 26 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar definitivamente o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“[...] Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*
- b) Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 13 de decembro de 2019 e a execución do contrato iniciouse o 1 de xaneiro de 2020, por un prazo de 2 anos, prevéndose 3 prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** Mediante acordo da Xunta de Goberno local do 29 de xullo de 2021 aprobouse a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022 (3.011-341).

**Quinto.-** Na sesión do 29 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno local aprobou a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023 (3.270-341).

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, con data do 27 de outubro de 2023, aprobou a terceira e derradeira prórroga do contrato polo período dun ano, desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024 (3.483-341).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Sétimo.-** O 11 de setembro de 2024 o xefe do Servizo de Museos Municipais, coa conformidade do concelleiro delegado de Cultura do 12 de setembro, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do *“incremento de exposicións temporais programadas como consecuencia da reorganización e actualización da Rede de Museos Municipais, así como a necesidade de atender nas diferentes dependencias da RMM actividades ou eventos programados por outras concellerías municipais”*.

**Oitavo.-** Con data do 26 de setembro de 2024 a concelleira de Área de Goberno de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi enviada ao contratista o 27 de setembro de 2024 e recibida o día 30 do mesmo mes.

**Noveno.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este non presentou alegacións á modificación proposta, aínda que si presentou aval por importe de 184,30 euros (documento nº 240263928).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ao *“incremento ou diminución na actividade programada polo Servizo de Museos Municipais ou polos centros da Rede Museística e Expositiva”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar *“o número total de horas de servizo de atención ao público, tanto para cada dependencia como para os tipos de horas previstos”* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20% (apartado 15.D da FEC), non fixándose especialidade ningunha na modificación (apartado 15.E da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada polo o incremento de exposicións temporais programadas como consecuencia da reorganización e actualización da Rede de Museos Municipais, así como a necesidade de atender nas diferentes dependencias da RMM actividades ou eventos programados por outras concellerías municipais.

Informa ao respecto o xefe do Servizo de Museos Municipais, na data 11 de setembro de 2024 o seguinte:

*“Con data 15 de novembro de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais (Expte. 2299-*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

341). O referido contrato foi asinado en data 13 de decembro de 2019, cun prazo de 2 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 2020, e se contemplan tres prorrogas de un ano cada una.

No apartado 3A das FEC se detalla aparte fixa do contrato, constituída polos custes dos servizos de coordinación e organización do servizo, e a parte variable, constituída polos custes de persoal de servizos de atención ao público, que se aboarán en virtude das horas efectivamente realizadas e de acordo cos prezos unitarios que se fixan na letra G deste apartado.

No transcurso do ano xerouse un notable incremento da actividade nas diferentes dependencias da Rede de Museos Municipais, principalmente como consecuencia do incremento de exposicións temporais, que resultan superiores ás previstas inicialmente, e que pola súa entidade superan o custe económico da a anualidade en curso.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor do referido contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 9 de maio de 2019, establece expresamente na súa cláusula 35 que o contrato poderá ser obxecto de modificación se así se ten especificado no apartado 15.A das FEC.

O apartado 15.B das FEC establece nos aspectos a modificar o número total de horas de servizo de atención ao público, tanto para cada dependencia como para os tipos de horas previstos. Entre as circunstancias que determinan a modificación no apartado 15.C inclúense as seguintes:

- O incremento ou diminución na actividade programada polo Servizo de Museos Municipais ou polos centros da Rede Museística e expositiva.
- O incremento ou diminución de espazos culturais encadrados na Rede Museística e Expositiva.

Tendo en conta o incremento de exposicións temporais programadas como consecuencia da reorganización e actualización da Rede de Museos Municipais, así como a necesidade de atender nas diferentes dependencias da RMM actividades ou eventos programados por outras concellerías municipais, considérase necesaria a modificación do citado contrato para incrementar o número total de horas de servizo de atención ao público para esta anualidade de 2024.

Cos condicionantes anteriormente expostos e á vista da programación establecida ata final de ano, recóllese a valoración económica prevista do incremento do servizo de atención ao público de acordo cos prezos ofertados pola adxudicataria:

<b>Tipo hora SAP</b>	<b>Prezo (sen IVE)</b>	<b>Incremento nº horas</b>	<b>Total</b>
Laborable diúrna	14,16 €	233	3.299,28 €
Festiva diúrna	19,34 €	20	386,80 €
Laborable nocturna	15,69 €		
Festiva nocturna	21,22 €		
		<b>Suma parcial</b>	<b>3.686,08 €</b>
		<b>IVE 21%</b>	<b>774,08 €</b>
		<b>ORZAMENTO LÍQUIDO</b>	<b>4.460,16 €</b>

Estímase que o custe deste incremento destas 253 horas do servizo de atención ao público ascende a un total de 4.460,16 € (3.686,08 € máis 774,08 € correspondentes ao IVE a soportar pola administración).

A anualidade dispoñible para o presente ano 2024, que finaliza o 31 de decembro de 2024, é de 383.913,93 € (IVE engadido). O importe que representan as horas efectivamente realizadas do servizo de atención ao público xa executadas arroxa unha valoración xa certificada de xaneiro a agosto de 252.338,83 €, polo que restan 131.575,10 € para este contrato de setembro a decembro que non cobren as necesidades previstas.

Tendo en conta o anterior, considérase necesaria a modificación do contrato por importe líquido adicional de 4.460,16 €, o que permitirá a execución cun alcance adecuado dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais. En todo caso, de acordo co estipulado no contrato en vigor, só se aboarán as horas efectivamente realizadas e de acordo cos prezos unitarios que se recollen no mesmo.

A referida modificación será con cargo á aplicación orzamentaria 3330.327.99.05 "Servizos de Atención ao Público" coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Importe (IVE engadido)
2024	4.460,16 €

A modificación proposta non supera o límite establecido no punto 15.D das FEC do 20% do contrato (767.827,86 €), xa que tan só representa o 0,58%".

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a un incremento na actividade programada polo Servizo de Museos Municipais ou polos centros da Rede Museística e Expositiva.
- Supón un incremento da parte variable do contrato (servizos de atención ao público) prevista no apartado 3A das FEC do PCAP de 4.460,16 euros, que equivale a un 0,58% do prezo total do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

**-III-**

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros (936.375,44 euros) e ademais se trata dunha modificación prevista no PCAP. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este non presentou alegacións á modificación proposta, aínda que si presentou aval por importe de 184,30 euros (documento nº 240263928).

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: a prestación de servizos na rede de museos municipal dentro da competencia municipal de “Promoción da cultura e equipamentos culturais”, recollida nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 4.460,16 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3330.327.99.05 “*Servizos de Atención ao Público*”, coa seguinte distribución de anualidades:

<b>Ano</b>	<b>Importe (IVE incluído)</b>
2024	4.460,16 €

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade, en aplicación do disposto no artigo 207.3, se ben se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada, trátase dun servizo incluído no anexo IV da LCSP e non se atopa nos supostos das letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, polo que non é necesaria a publicación no DOUE do anuncio de modificación.

No entanto, si deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil

de contratante no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 600.000,00 euros (767.827,86 euros), comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 184,30 euros.

Consta presentado aval polo contratista o 10 de outubro de 2024 (documento nº 240263928) polo importe indicado no parágrafo anterior, que será depositado na Tesourería Municipal unha vez acordada a modificación polo órgano de contratación.

#### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-VI-**

#### **Recursos**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### -VII-

#### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### -VIII-

#### Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- **Modificar** o contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte. 2.299-341), nos termos sinalados neste informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento da parte variable do contrato (servizos de atención ao público) de 4.460,16 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 3330.327.99.05 “Servizos de Atención ao Público”, coa seguinte distribución de anualidades:*

Ano	Importe (IVE incluído)
2024	4.460,16 €

*Esta modificación representa un 0,58% do prezo total do contrato. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15D da FEC do PCAP.*

*3º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea.*

*4º.- Formalizar esta modificación, previo depósito da garantía definitiva presentada polo contratista na Tesourería Municipal.*

*5º.- Comunicar este acordo ao Consello de Contas”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(849).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 348/2022 DO XULGADO DO MERCANTIL Nº 3 DE PONTEVEDRA. EXPTE. 16386/111.**

Visto o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/10/2024, asinado pola xefa de Área e Contratación e Novos Proxectos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Constitución española
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL)
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora da Facenda Local, de orzamentos
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local
- Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (LEC)
- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de data 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022, condena ao Concello de Vigo a abonar a cantidade de 168.604,24 euros á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE).

Ao obxecto de executar a sentenza, o Xulgado ditou no procedemento de referencia Auto e Decreto de data 24/01/2024, contendo a orde xeral de execución de sentenza e despachando a mesma. A cantidade pola que se despacha a execución ascende a:

- 168.604,24 euros de principal,
- 50.580 euros fixados provisionalmente en concepto de xuros e custas que se poidan devengar na execución, sen prexuízo da súa posterior liquidación.

**Segundo.-** En data 13 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento desta resolución xudicial e acordou remitila ao servizo responsable da tramitación administrativa, neste caso o de Festas, para que procedese á execución da mesma nos seus propios termos, en tempo e forma.

**Terceiro.-** En data 1 de febreiro de 2024, o Alcalde acordou incoar un expediente de modificación orzamentaria (crédito extraordinario) para facer fronte o pago da sentenza.

**Cuarto.-** Por acordo do Pleno do Concello de data 24 de setembro de 2024 aprobouse a modificación do orzamento 11/2024 (expediente 8642-142), que dota á partida 3380.2260905 para facer fronte o citado pago.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### **Da obriga de cumprimento das resolucións xudiciais**

A constitución española, no seu artigo 118, impón a obriga do cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes dos Xuíces e Tribunais, así como prestar a colaboración requirida por estes no transcurso do proceso e na execución da resolución.

Así, esta Administración está obrigada a cumprir coa sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de data 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022, que condena ao Concello de Vigo a abonar a cantidade de 168.604,24 euros á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) máis os seus xuros.

-II-

### **Da autorización do gasto**

Os artigos 167 e 172 do TRLRHL e os artigos 24 e seguintes do RD 500/1990, determinan que os créditos orzamentarios para gastos só poden destinarse á finalidade específica para a cal foron autorizados.

O artigo 173 do TRLFL determina que as obrigas de pago soamente serán esixibles cando resulten da execución dos seus respectivos presupostos, con os límites sinalados no artigo 172 , ou de sentenza xudicial firme.

A proposta de autorización de gasto trae causa da sentenza ditada polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de data 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022, que condena ao Concello de Vigo a abonar a cantidade de 168.604,24 euros á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE).

Para facer fronte ao seu pago realizouse a modificación orzamentaria 11/2024 (expediente 8642-142), aprobada por acordo do Pleno do Concello de data 24 de setembro de 2024, que dotou de fondos á aplicación orzamentaria 3380.2260905 para facer fronte ao pago da citada sentenza.

### **-III-**

### **Do cálculo dos intereses**

O fallo da sentenza determina, no seu apartado 2 que *“La citada cantidad devengará el interés legal desde la fecha de interpelación judicial hasta sentencia, y desde esta hasta su compelto pago los intereses previstos en el artículo 576 LEC”*.

O artigo 576.1 da LEC determina que *“Desde que fuere dictada en primera instancia, toda sentencia o resolución que condene al pago de una cantidad de dinero líquida determinará, en favor del acreedor, el devengo de un interés anual igual al del interés legal del dinero incrementado en dos puntos o el que corresponda por pacto de las partes o por disposición especial de la ley”*.

- a) Os intereses dende a data de interpelación xudicial (29-07-2022) e a data da sentenza (01-09-2023) ascenden a seguinte cantidade:
  - Do 29-07-2022 ata o 31-12-2022 (156 días) ao 3%: 2.161,83 euros
  - Do 01-01-2023 ata o 01-09-2023 (244 días) ao 3,25%: 3.663,10 euros
  
- b) Os intereses dende a data da sentenza (01-09-2023) ata a data estimada de pago (31-10-2024) ascenden a seguinte cantidade:
  - Do 02-09-2023 ata o 31-12-2023 (121 días) ao 5,25%: 2.934,41 euros
  - Do 01-01-2024 ata o 31-10-2024 (305 días) ao 5,25%: 7.376,44 euros





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Con independencia da liquidación provisional de intereses proposta, procede a consignación do importe despachado polo xulgado en Auto de data 24 de xaneiro do 2024, dado que a liquidación definitiva levarase a cabo en vía xudicial.

### **-IV-**

#### **Procedemento**

Respecto ao procedemento, é un trámite preceptivo o informe de fiscalización por parte do servizo de intervención (artigo 214 do TRLRHL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017).

### **-V-**

#### **Competencia**

O órgano competente para a aprobación do acordo é a Xunta de Goberno local segundo o disposto no artigo 127.1.g LBRL.

### **-VI-**

#### **Acordo**

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das súas competencias que resolva o seguinte:

*“1º.- Autorizar o gasto por importe de 219.184,24 euros con cargo á partida 3380.2260905 para a execución da sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, de data 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 348/2022*

*2º.-O pagamento realizarase na conta de consignacións do Xulgado IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo constar no campo “concepto/observacións” os seguintes díxitos relativos ao procedemento “4830-0000-04-0348-22”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(850).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ESTUDO DO ESTADO DOS VESTIARIOS DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E A REDACCIÓN DE PROPOSTAS PARA A SÚA RENOVACIÓN. EXPTE. 22544/333.**

Visto o informe de fiscalización do 17/10/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o estudo do estado dos vestiarios dos campos de fútbol municipais e a redacción de propostas para a súa renovación (22544-333)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o estudo do estado dos vestiarios dos campos de fútbol municipais e a redacción de propostas para a súa renovación (22544-333)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro: aprobar o expediente de “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ESTUDO DO ESTADO DOS VESTIARIOS DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E A REDACCIÓN DE PROPOSTAS PARA A SÚA RENOVACIÓN. EXPTE NÚM. 22544-333”, a través do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación (art.145.3 LCSP) e tramitación ordinaria.*

*Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 12 de xuño de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 20 de xuño de 2024.*

*Terceiro: autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 37.752 euros con IVE, sendo o IVE 6.552 euros, para a anualidade 2024.*

*O contrato financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:*

*- Partida 3420 2270600 “Estudios e Traballos técnicos”, para a FASE 1. Informe do estado actual e proposta de intervención. Importe máximo, IVE incluído: 15.427,50 €.*

*- Partida 3420.2270602 “Redac. Proxectos mellora inst. Campos fútbol”, para FASE 2. Redacción dun proxecto básico de vestiario tipo modular e proposta de implantación en cada un dos campos de fútbol nos que se considere preciso construílos. Importe máximo, IVE incluído: 22.324,50 €.*

*Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 30 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o estudo do estado dos vestiarios dos campos de fútbol municipais e a redacción de propostas para a súa renovación (22544-333) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	FACILITA INGENIERIA, SL	73,00

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACILITA INGENIERIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACILITA INGENIERIA, SL, o día 1 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 11 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido e o día 16 do mesmo mes fora do devandito prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- A escritura de apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (21.840,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (26.426,40 €) presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Xustificación do ingreso do importe da garantía (1.245,00 €), figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora e o seu obxecto social, así como o nomeamento da administradora única.
- ,Os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FACILITA INGENIERIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FACILITA INGENIERIA, SL, de acordo co informe de valoración da proposta avaliable mediante xuízo de valor, de datas 13 e 23 de setembro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 de setembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FACILITA INGENIERIA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o estudo do estado dos vestiarios dos campos de fútbol municipais e a redacción de propostas para a súa renovación (22544-333) cun prezo total do contrato de 30.129,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.229,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(851).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGURIDADE DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23102/332.**

Visto o informe xurídico de data 17/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 14 de outubro de 2021, aprobou o expediente de contratación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expediente 23102/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 14/06/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/09/2021 que rexen a licitación, aprobando tamén o gasto por importe de 107.744,45 euros e acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 10 de decembro de 2021 acordou, entre outros, adxudicar a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1 S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (expediente 23102/332), coas seguintes condicións:

- a) Propón como prezo total do contrato o de 102.600,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.806,61 euros.
- b) Propón a instalación completa de 10 unidades de detectores volumétricos (incluído cableado) para incrementar a seguridade dos edificios.
- c) Propón como tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA o de menos de 1 hora.
- d) Incrementa o importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT (2.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento correctivo en 1.800,00 euros.
- e) Propón como tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen o de menos de 16 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 14/10/2021 e a oferta presentada.

**3.- Prazos:** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

*“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.*

*2.- (...)”*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) PRAZO TOTAL: 2 anos.
- B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan
- C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2, dun ano de duración cada unha.

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 5 de xaneiro de 2022 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do 16 de xaneiro de 2022. Están previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.”*

**5.- Primeira prórroga do contrato:** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023, acordou entre outros *“autorizar a primeira prórroga do contrato para os dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 23102/332), adxudicado a Sistemas de Seguridade A1 S.L., CIF B-15.259.765, para o período comprendido entre o 16/01/2024 e o 15/01/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida”.*

**6.- Preaviso da segunda prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 1 de outubro de 2024, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a segunda prórroga dun ano para o contrato dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo .

**7.- Prestación do servizo:** A prestación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo por parte da empresa actualmente adxudicataria (Sistemas de Seguridade A1 S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 16/01/2025 e o 15/01/2026.

**8.- Prezo:** O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 102.600,01 euros, sendo o prezo por anualidade de 51.300,00 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato (FEC) indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 51.300,00 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 49.162,50 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 16 de xaneiro ata 31 de decembro) e 2.137,50 euros con cargo ao exercicio 2026 (d0 1 ao 15 de xaneiro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9901 (Central de alarmas) dos exercicios 2025 e 2026, conforme á anterior división.

**9.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 23102/332), adxudicado a Sistemas de Seguridade A1 S.L., CIF B-15.259.765, para o período comprendido entre o 16/01/2025 e o 15/01/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Asumir o compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 51.300,00 euros (42.396,69 euros máis 8.903,31 euros en concepto de IVE) correspondente a esta prórroga, co seguinte desglose por anualidades:

- No exercicio orzamentario 2025 (de 16/01 a 31/12): 49.162,50 euros.
- No exercicio orzamentario 2026 (de 01/01 a 15/01): 2.137,50 euros.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 9(852).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2024 – 2º. EXPTE. 103009/140.

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización e conformado polo interventor xeral e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2024.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12024000072809	9120.2269900	500,00	494,82	12/04/24	04/07/24	12/07/24	5,18	---
Abalde Comesaña Raquel	12024000072822	9120.2200100	800,00	797,06	12/04/24	11/07/24	12/07/24	2,94	---
Abalde Comesaña Raquel	12024000074727	9120.2300000	300,00	198,70	19/04/24	11/07/24	19/07/24	101,30	---
Abalde Comesaña Raquel	12024000080433	9120.2260100	1.500,00	1.364,29	03/05/24	27/06/24	03/08/24	135,71	---
Abalde Comesaña Raquel	12024000080439	9120.2310000	500,00	189,60	03/05/24	01/08/24	03/08/24	310,40	---
Candía Paz Carla	12024000108859	2410.2250001	111,53	111,53	13/06/24	04/09/24	13/09/24	----	---
Carballo Acuña Alberto	12024000051705	1320.2140000	1.200,00	116,86	01/04/24	15/07/24	01/07/24	1.083,14	---
Carballo Acuña Alberto	12024000072810	1320.2190000	1.000,00	----	12/04/24	09/07/24	12/07/24	1.000,00	---
Carballo Acuña Alberto	12024000072811	1320.2200000	300,00	----	12/04/24	09/07/24	12/07/24	300,00	---
Carballo Acuña Alberto	12024000072812	1320.2120000	1.000,00	145,75	12/04/24	10/07/24	12/07/24	854,25	---
Carballo Acuña Alberto	12024000074475	1320.2230000	2.000,00	1.119,25	18/04/24	17/07/24	18/07/24	880,75	---
Carballo Acuña Alberto	12024000074728	1320.2269900	1.000,00	426,89	19/04/24	17/07/24	19/07/24	573,11	---
Carballo Acuña Alberto	12024000076260	1320.2312000	200,00	9,20	25/04/24	23/07/24	25/07/24	190,80	---
Carballo Acuña Alberto	12024000076498	1320.2250200	3.000,00	1.191,85	26/04/24	23/07/24	26/07/24	1.808,15	---
Carballo Acuña Alberto	12024000080438	1320.2219900	1.000,00	593,00	03/05/24	24/07/24	03/08/24	407,00	---
Couce Senra Óscar	12024000079545	1532.2312000	300,00	32,10	29/04/24	24/07/24	29/07/24	267,90	---
Couce Senra Óscar	12024000079546	1532.2250100	600,00	47,87	29/04/24	24/07/24	29/07/24	552,13	---
Domínguez Pereira Beatriz	12024000097016	9201.2260300	5.000,00	3.503,00	23/05/24	28/08/24	23/08/24	1.497,00	---
Fernández Fernández Paz	12024000042820	2310.4800000	300.000,00	298.758,82	01/03/24	11/06/24	01/06/24	1.241,18	---





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

García Álvarez Luis	12024000042821 (SICAP 42462)	4310.2260300	37,20	37,20	26/02/24	14/06/24	26/05/24	----	—
García Álvarez Luis	12024000051389	2311.4800000	4.000,00	3.700,00	22/03/24	20/06/24	22/06/24	300,00	—
García Álvarez Luis	12024000081555	2311.4800000	4.000,00	2.220,00	09/05/24	09/08/24	09/08/24	1.780,00	---
Vieites Alén Dolores	12024000081660	9320.1620000	480,00	480,00	10/05/24	10/07/24	10/08/24	----	—
Vituro Gómez Marcos	12024000079683	9201.2260300	3.000,00	2.570,74	29/04/24	29/07/24	29/07/24	429,26	---
<b>TOTAL</b>			331.828,73	318.108,53				13.720,20	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12024000051705 de Alberto Carballo Acuña, 12024000097016 de Beatriz Domínguez Pereira, 12024000042820 Paz Fernández Fernández e 12024000042821 de LuisGarcía Álvarez.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 2024000051705 de Alberto Carballo Acuña, 12024000097016 de Beatriz Domínguez Pereira, 12024000042820 Paz Fernández Fernández e 12024000042821 de Luis García Álvarez non se rendiron no prazo normativamente establecido.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

A base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2024 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	12024000072809	9120.2269900	500,00	494,82	12/04/24	04/07/24	12/07/24	5,18	—
Abalde Comesaña Raquel	12024000072822	9120.2200100	800,00	797,06	12/04/24	11/07/24	12/07/24	2,94	---

Abalde Comesaña Raquel	1202400074727	9120.2300000	300,00	198,70	19/04/24	11/07/24	19/07/24	101,30	---
Abalde Comesaña Raquel	1202400080433	9120.2260100	1.500,00	1.364,29	03/05/24	27/06/24	03/08/24	135,71	---
Abalde Comesaña Raquel	1202400080439	9120.2310000	500,00	189,60	03/05/24	01/08/24	03/08/24	310,40	---
Candia Paz Carla	12024000108859	2410.2250001	111,53	111,53	13/06/24	04/09/24	13/09/24	----	---
Carballo Acuña Alberto	1202400051705	1320.2140000	1.200,00	116,86	01/04/24	15/07/24	01/07/24	1.083,14	---
Carballo Acuña Alberto	1202400072810	1320.2190000	1.000,00	----	12/04/24	09/07/24	12/07/24	1.000,00	---
Carballo Acuña Alberto	1202400072811	1320.2200000	300,00	----	12/04/24	09/07/24	12/07/24	300,00	---
Carballo Acuña Alberto	1202400072812	1320.2120000	1.000,00	145,75	12/04/24	10/07/24	12/07/24	854,25	---
Carballo Acuña Alberto	1202400074475	1320.2230000	2.000,00	1.119,25	18/04/24	17/07/24	18/07/24	880,75	---
Carballo Acuña Alberto	1202400074728	1320.2269900	1.000,00	426,89	19/04/24	17/07/24	19/07/24	573,11	---
Carballo Acuña Alberto	1202400076260	1320.2312000	200,00	9,20	25/04/24	23/07/24	25/07/24	190,80	---
Carballo Acuña Alberto	1202400076498	1320.2250200	3.000,00	1.191,85	26/04/24	23/07/24	26/07/24	1.808,15	---
Carballo Acuña Alberto	1202400080438	1320.2219900	1.000,00	593,00	03/05/24	24/07/24	03/08/24	407,00	---
Couce Senra Óscar	1202400079545	1532.2312000	300,00	32,10	29/04/24	24/07/24	29/07/24	267,90	---
Couce Senra Óscar	1202400079546	1532.2250100	600,00	47,87	29/04/24	24/07/24	29/07/24	552,13	---
Domínguez Pereira Beatriz	1202400097016	9201.2260300	5.000,00	3.503,00	23/05/24	28/08/24	23/08/24	1.497,00	---
Fernández Fernández Paz	1202400042820	2310.4800000	300.000,00	298.758,82	01/03/24	11/06/24	01/06/24	1.241,18	---
García Álvarez Luis	1202400042821 (SICAP 42462)	4310.2260300	37,20	37,20	26/02/24	14/06/24	26/05/24	----	---
García Álvarez Luis	1202400051389	2311.4800000	4.000,00	3.700,00	22/03/24	20/06/24	22/06/24	300,00	---
García Álvarez Luis	1202400081555	2311.4800000	4.000,00	2.220,00	09/05/24	09/08/24	09/08/24	1.780,00	---
Vieites Alén Dolores	1202400081660	9320.1620000	480,00	480,00	10/05/24	10/07/24	10/08/24	----	---
Vituro Gómez Marcos	1202400079683	9201.2260300	3.000,00	2.570,74	29/04/24	29/07/24	29/07/24	429,26	---
<b>TOTAL</b>			331.828,73	318.108,53				13.720,20	

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(853).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EPIS NECESARIOS PARA OS TRABALLADORES ADSCRITOS AO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 51133/446.**

Visto o informe xurídico do 15/10/2024 e o informe de fiscalización do 17/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/09/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- 1.- En data 30 de xullo de 2024, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *SUBMINISTRO DE EPIS* (expte. 51133/446).
- 2.- En data 1 de agosto de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, en data 2 de agosto de 2024, a memoria económica (MEC).
- 3.- En data 2 de agosto de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC\_FUT 12024000129759, por importe de 4.810,92 €, toda vez que este procedemento se tramita como anticipado de gasto, distribuído nas seguintes anualidades:
  - 2025: 1.603,64 €
  - 2026: 1.603,64 €
  - 2027: 1.603,64 €
- 4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 26 de agosto de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 2 de setembro de 2024, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, da mesma data.
- 6.- En data 24 de setembro de 2024, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 24 de setembro de 2024.
- 8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC\_FUT 12024000129759).

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 26 de xuño de 2024 (BOP N° 134, de data 10/07/2024) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 30 de xullo de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa xustifícase o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 7.190,10 €.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de **SUBMINISTRO DE EPIS**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 26 de agosto de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 24 de setembro de 2024.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **4.810,92 €**, que inclúe un IVE de 496,86€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2269900 "Gastos Diversos", distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	1.603,64 €
2026	1.603,64 €
2027	1.603,64 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(854).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, A ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA, PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO “VIII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 5704/330.**

Visto informe xurídico do 24/09/2024 e o informe de fiscalización do 16/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 13 de setembro do 2024, a "Asociación de Música Clásica " presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do "VIII Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo" do exercicio 2024 que tivo lugar do 23 ao 27 de xullo do 2024; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2024 o **VIII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”**.

### **PROGRAMACIÓN:**

O VIII Concurso Internacional de Piano “Ciudad de Vigo” tivo lugar do 23 ao 27 de xullo do 2024 no Auditorio Martín Codax do Conservatorio Superior de Música e na sede do Teatro Afundación conforme á programación achegada pola entidade que figura incorporada a este expediente.

A memoria económica que se achega, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 64.055,69 € (sesenta e catro mil cincuenta e cinco euros con sesenta e nove céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 40.000 €
- Xunta de Galicia: 5.000 €
- Subvención AIE: 1.500 €
- Patrocinio dos Acordes: 1.000 €
- Inaem :6.000
- Achega da entidade: 10.555,69 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e certificación da compañía aseguradora de ter subscrito o seguro para cubrir o evento.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Música Clásica, para a organización do "VIII Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo", obxecto deste, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade " Asociación de Música Clásica " , para o desenvolvemento do "VIII Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo", axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na

concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" ten como obxecto financiar a organización do " VIII Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", figurando na aplicación **3340.480.00.15** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 40.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia),

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 40.000 € (corenta mil euros) á "Asociación de Música Clásica", CIF: G-27813286, para o financiamento do "VIII Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 "Subvención As. Música Clásica. Concurso de Piano. ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

#### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1.E de responsabilidade da Entidade :





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- 1.A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - 2.A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  - 3.Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
  - 2.Actuará como interlocutor única ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo , presidente da entidade
  - 3.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
  - 4.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
  - 5.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 6.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
  - 7.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta póliza e certificación de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (40.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

### Gastos subvencionables:

Aos efectos previstos no artigo 29 da LXS, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e teñan relación directa coa súa execución.

**A facturación xustificativa correspondente deberá ter data do período comprendido entre o 15 de novembro do 2023 e como máximo de data dos dous meses posteriores a última das actividades financiadas,**

**De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(855).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “BENJAMÍN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30”. EXPTE. 5710/330.**

Visto informe xurídico do 04/10/2024 e o informe de fiscalización do 18/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 20 de setembro do 2024, a “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do proxecto **“BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30”** ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor, fomentar o estudo e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.

Neste sentido o proxecto obxecto de subvención “Benjamín Palencia, Manuel Colmeiro e o surrealismo dos anos 30” pretende unha lectura do impacto do movemento surrealista na obra do pintor Manuel Colmeiro na décadas dos trinta e amosar os puntos de conexión coa obra de Benjamín Palencia, pintor da mesma xeneración e figura de referencia na renovación artística española da mesma altura, creador dun paisaxismo de influxos surrealistas e figura central da chamada Escola de Vallecás.

Como pano de fondo destas afinidades estéticas está o contexto do influxo do surrealismo internacional, movemento convertido nesa altura nunha linguaxe que atravesa moi diversos horizontes estéticos nun amplo abanico territorial e cultural.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa consta de dúas partes:

1º.- A EXPOSICIÓN: terá lugar do 27 de setembro do 2024 ao 5 de xaneiro do 2025 no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo cun total de 40 obras cedidas da colección da Familia Colmeiro e da familia Palencia.

2º.- O CATÁLOGO: Texto crítico: Carlos L. Bernárdez e Ramón Palencia, fillo do artista.  
Idiomas: galego e castelán

Tiraxe: 400 exemplares aproximadamente.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 10.000 € (dez mil euros) dos que o Concello de Vigo achegará 10.000 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Escrito de conformidade co convenio presentado na sede electrónica o día 24 de setembro do 2024.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto **“BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30”**, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto **“BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30”**, se axusta ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto **“BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O**

**"SURREALISMO DOS ANOS 30"** deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro", para o desenvolvemento do proxecto **"BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30"** figura na aplicación 3340.480.00.09. do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros) á entidade "Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro, CIF. G-27859834, para o financiamento do proxecto **"BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30"**, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 "ASOCIACIÓN PINTOR COLMEIRO. COMODATO 2017", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-**"De forma excepcional, polos prazos de execución da actividade subvencionada, propónse á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo que se estipule nas "Normas de peche do exercicio orzamentario 2024", para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións, de forma que neste caso deberán ser remitidos para a súa comprobación con **data límite 9 de decembro de 2024"***

***TERCERO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos do Pintor Colmeiro para o desenvolvemento do proxecto **"BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30"**."*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN NOMINATIVA, Á “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO”  
PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO  
E O SURREALISMO DOS ANOS 30”

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, Dona Alba Corral Colmeiro, titular do DNI 00802517R, na súa condición de presidenta da “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” (CIF: G-27859834) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Camelias 112, 6º A, CP 36211 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

*I.-A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor Manuel Colmeiro, fomentar o estudo e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**”, como medio que é de ensalzar a figura do Pintor Colmeiro.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.09, como subvención nominativa, a favor da “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**”, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.-Que a “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**” non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para o financiamento do proxecto **“BENJAMIN PALENCIA, MANUEL COLMEIRO E O SURREALISMO DOS ANOS 30”** que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

#### SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €

#### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O programa consta de dúas partes:

1º.- A EXPOSICIÓN: terá lugar do 27 de setembro do 2024 ao 5 de xaneiro do 2025 no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo cun total de 40 obras cedidas da colección da Familia Colmeiro e da familia Palencia.

2º.- O CATÁLOGO: Texto crítico: Carlos L. Bernárdez e Ramón Palencia, fillo do artista.  
Idiomas: galego e castelán

Tiraxe: 400 exemplares aproximadamente.

#### CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA DONA ALBA CORRAL COLMEIRO, presidenta da entidade.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente recibo do pagamento actualizado do seguro de responsabilidade civil.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



## **CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1767/1102

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Solicitude de pagamento da subvención que, de xeito excepcional, polos prazos de execución da actividade subvencionada, a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións deberán ser remitidos para a súa comprobación con data límite 9 de decembro de 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados;
- entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

**A facturación xustificativa correspondente deberá ter data do período comprendido entre o 15 de novembro do 2023 e como máximo de data dos dous meses posteriores a última das actividades financiadas.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará con-sonante aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
  - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
  - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ORZAMENTO PROXECTO 2024

GASTOS		INGRESOS
Seguro Responsabilidad Civil	143,54 €	
Seguro Exposición y transporte	378,53 €	
Catálogos de la exposición iva incluído	6.100,00 €	
Transporte de Madrid obras de Palencia	1.700,00 €	
Enmarcado obras iva incluído	500,00 €	
Invitación inauguración	300,00 €	
Dietas Ramon Palencia	230,00 €	
Dirección proyecto ( incluye irpf )	647,93 €	
TOTAL		10.000€
		10.000 €

**13(856).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “FUNDACIÓN SONDESEU” PARA O FINANCIAMENTO DO CONCERTO MESTRES DE SONDESEU OFG 2024. EXPTE. 5720/330.**

S.ord. 25/10/2024

Visto informe xurídico do 07/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/10/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 29 de setembro do 2024, a “Fundación Sondeseu” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do “Concerto Mestres de Sondeseu OFG 2024; por este motivo, por parte desta xefatura se inicia o expediente de subvención correspondente, polo importe de 8.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

**A FUNDACIÓN SONDESEU** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2006 para contribuír ao fomento, desenvolvemento, promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia; promover a formación musical nos distintos niveis e ámbitos do sistema educativo como vehículo de expresión artística e pedagóxica, e impulsar o desenvolvemento de investigacións e estudos etnomusicolóxicos.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

DATA DA ACTUACIÓN:

17 e 31 de outubro de 2024, ás 20:00 hrs.

LUGAR DA ACTUACIÓN:

Auditorio Municipal de Vigo

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

50 minutos

OBXECTO DA ACTUACIÓN:

A actuación consiste na interpretación de temas que forman parte do acervo musical de Galicia e abranguen todos os ritmos da nosa música patrimonial. Faráanse dúas actividades que terán como fío condutor as verbas coas que coñecemos os distintos ritmos e xéneros da música tradicional galega.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe total de 8.000 € (oito mil euros), e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIE da presidenta da Asociación
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Acta da assemblea do 19 de decembro do 2023 de nomeamento do novo presidente D. Anxo Lois García Pintos.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á FUNDACIÓN SONDESEU , para o financiamento do “Concerto Mestres de Sondeseu OFG 2024”, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Sondeseu ”, para o financiamento do “Concerto Mestres de Sondeseu OFG 2024”, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención a FUNDACIÓN SONDESEU deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a “Fundación Sondeseu” ten como obxecto financiar o “Concerto Mestres de Sondeseu. OFG 2024”, figurando na aplicación 3340.480.00.19 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 8.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a FUNDACIÓN SONDESEU é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 8.000 € (oito mil euros) á Fundación Sondeseu, CIF. G36968741, para o financiamento do “Concerto Mestres de Sondeseu OFG 2024”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.19 “FUNDACIÓN SONDESEU, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- *As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

#### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

##### 1.E de responsabilidade da Entidade :

- 1.A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- 2.A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

2. Actuará como interlocutor única ante a CONCELLERÍA D. Anxo Lois García Pintos, presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta póliza e certificación de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (8.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención

poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

### Gastos subvencionables:

Aos efectos previstos no artigo 29 da LXS, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e teñan relación directa coa súa execución.

**A facturación xustificativa correspondente deberá ter data como máximo de dous meses posteriores a última das actividades financiadas,**

**De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarse con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte**

**aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(857).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN. 1691/1102.**

Visto o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/10/2024, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as Bases reguladoras transcritas no para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 28 de xuño de 2024 publicouse no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 126 as bases que rexe a convocatoria.

En data 22 de xullo de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 141, extracto da convocatoria.

En data 1 de agosto de 2024 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 185, anuncio da convocatoria rematando en data 27.08.2024 o prazo de presentación de instancias.

En data 6 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación. No mesmo acto designouse aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria e convocouse a sesión constitutiva e valoración provisional.

Consta no expediente acta da Comisión de Valoración de data 13 de setembro 2024 e posterior de data 7 de outubro de 2024 pola que se determina a valoración provisional e definitiva dos méritos xerais e específicos (primeira fase). Así mesmo consta acta da comisión de valoración de data 11 de outubro de 2024 na que, trala avaliación da segunda fase os membros da Comisión de valoración acordan

**PRIMEIRO.-** Propoñer a adxudicación o posto de traballo de xefa do Servizo de Contratación a favor da seguinte aspirante:

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ	***5457**	23,74	10	33,74

**SEGUNDO.-** Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.

“

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A vista da proposta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 11 de outubro de 2024 , procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a adopción do acordo conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL, previo informe de fiscalización pola Intervención Municipal, o seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.-** Propoñer a adxudicación o posto de traballo de xefa do Servizo de Contratación a favor da seguinte aspirante:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

ASPIRANTE	DNI	RESULTADO DA 1ª FASE	RESULTADO DA 2ª FASE	RESULTADO
ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ	***5457**	23,74	10	33,74

**SEGUNDO.-** Publicar anuncio no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello.

**TERCEIRO.-** A resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**CUARTO.-** Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(858).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. EXPTE. 2040/441.**

Visto o informe xurídico do 18/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/10/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 30.05.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31.05.2024 aprobou o "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024. Expte. 3506-443.

2º.- En data 09.08.2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA", cun orzamento base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), Ive engadido.

3º.- Trátase dunha actuación cofinanciada mediante o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións. Exp. 1717/441.

4º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 11.07.2024 emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou o inicio do expediente de contratación.

5º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 11.07.2024.
- b) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais de data 29.08.2024 .
- c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30.09.2024.
- d) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación en data 02.10.2024.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP elaborada polo servizo xestor e asinada en datas 15 e 16.10.2024.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 17.09.2024
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 16.10.2024.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

### **III.- PROPOSTA:**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 29.08.2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 16.10.2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CENTO DOCE MIL SEISCENTOS EUROS con DEZAOITO CÉNTIMOS" (112.600,18 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 19.542,18 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.91, proxecto de gasto 23153291, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	12.457,33 €
2025	80.428,70 €
2026	19.714,15 €

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 645,63 % e para a terceira anualidade nun 158,25 % .

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **16(859).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE O PORRIÑO DO 30 DE SETEMBRO DE 2024 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO SEU ORZAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2024. EXPTE. 93/142.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral delegada e o tesoureiro municipal- director superior Contable e Orzamentario e conformado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### I.- RELATIVOS Á DÉBEDA CONTRAÍDA POLO CONCELLO DE O PORRIÑO CO CONCELLO DE VIGO

**Primeiro.-** No ano 1962, o Ministerio de Obras Públicas, mediante Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas do 31/7/1962 (publicada no BOE número 197 do 17/8/1962) autorizou ao Concello de Vigo para o aproveitamento das augas do Río Oitavén, mediante a creación dun encoro regulador duns seis millóns de metros cúbicos nas proximidades do lugar de Eiras, con destino á ampliación do abastecemento de auga á cidade.

Tal concesión outorgouse a perpetuidade e tiña como único beneficiario da autorización ao Concello de Vigo.

**Segundo.-** O Concello de Vigo xestionou, realizou o mantemento e explotou pacífica, pública e ininterrompidamente dito encoro como parte do servizo público municipal de augas do Concello, dende a construción do encoro e das conducións complementarias realizadas para a derivación de augas do río Oitavén con destino ao abastecemento da cidade de Vigo (sobre o ano 73).

Nun principio esta xestión foi directa, a través dun servizo municipalizado de abastecemento e saneamento, posteriormente a través dunha empresa municipal de augas (EMAVISA), e actualmente a xestión é indirecta, logo do correspondente contrato administrativo de xestión de servizos públicos, mediante a modalidade de concesión.

Este contrato de xestión integral dos servizos de abastecemento e saneamento de augas mediante a modalidade de concesión adxudicouse primeiramente, mediante acordos plenarios de 25 de outubro e 21 de decembro de 1990 á UTE SERAGUA-FOCSA (actualmente coa denominación AQUALIA-FCC UTE VIGO), conforme ao prego de condicións aprobado polo Pleno en sesións do 7 de maio, 5 de xullo e 25 de outubro de 1990. O contrato formalizouse o 8 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.-** O obxecto do vixente contrato é a xestión integral do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, así como a achega dos investimentos necesarios para a construción das instalacións que resulten necesarias (cláusula 1ª do PCAP e do documento de formalización do contrato). Así e en aplicación desta cláusula, a concesionaria veu desenvolvendo o seu plan de investimentos, que incluía o Proxecto PIC-0291 “Nova canle de Eiras. Tramo: Presa-Sifón Os Valos”, investimento de reposición (polas fugas que se producían na canle). A execución desta infraestrutura resultou e resulta imprescindible para materializar a derivación da auga do Río Oitavén ao Concello de O Porriño.

**Cuarto.-** Esta obra de reposición realizouse no marco de desenvolvemento do plan de investimentos da concesionaria, financiado polo Concello de Vigo ao longo do período concesional, sen que o Concello de O Porriño desembolsase financiación ningunha.

**Quinto.-** Unha vez realizados os investimentos pola concesionaria municipal e en aras dunha asignación proporcional de custes, previa negociación co Concello de O Porriño, o Pleno municipal adoptou un acordo na súa sesión do 27 de xaneiro de 1998, cun dobre contido: 1) fixación da tarifa esixible pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e 2) determinación da cifra esixible ao Concello de O Porriño polos seguintes conceptos: a) recuperación do investimento, b) vixilancia do Encoro de Eiras e c) mantemento e conservación da canle.

O anterior acordo plenario foi notificado en tempo e forma ao Concello de O Porriño o 27/02/1998, que o deixou firme e consentido, ao non telo recorrido perante a xurisdición contencioso-administrativa. E pese a ser impugnado por outro Concello, foi confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza do Galicia nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 8068/1998 (demandante: Concello de Cangas).

**Sexto.-** En virtude do anterior acordo, o Concello de Vigo ven esixindo bimensualmente ao Concello de O Porriño as correspondentes liquidacións por este ingreso de dereito público de natureza non tributaria. Cómpre indicar que as contías a satisfacer en concepto de Vixilancia do Encoro de Eiras e de Mantemento e conservación da canle nunca foron obxecto de actualización.

Aínda que o Concello de O Porriño, no exercicio 2012, abonou sete facturas por importe total de 139.391,47€, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, a partir do exercicio 2013, comenzou a recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa as liquidacións bimensuais, sen ingreso das cantidades liquidadas.

Ata o día da data, todas as sentenzas recaídas en relación coas liquidacións bimensuais foron desfavorables ao Concello de O Porriño. Así, os recursos contencioso-administrativos nos que actuou como demandante o Concello de O Porriño foron os seguintes:

- Procedemento Ordinario 180/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (bimestre novembro-décembro 2012): recaeu sentenza estimatoria nº 161/2014, do 4 de setembro, revogada por Sentenza nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación 15057/2014)
- Procedemento Ordinario 299/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestres maio-xuño 2013 e xullo-agosto 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 250/2014, do 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015).
- Procedemento Ordinario 58/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 249/14, de 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015).
- Procedemento Ordinario 363/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre maio-xuño 2014): mediante Decreto 15/2018, do 25 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Procedemento Ordinario 456/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre xullo-agosto 2014): mediante Decreto 14/2018, do 20 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.
- Procedemento Ordinario 50/2015, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2014): mediante Decreto 18/2018, de 10 de xullo, declarouse a caducidade do proceso.

**Sétimo.-** Con posterioridade á recaída das sentenzas desestimatorias das súas pretensións, o Concello de O Porriño en data 12/03/2015, presentou solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, que foi inadmitida por acordo plenario do 28 de decembro de 2022 (expediente 1492/441). O Concello de O Porriño interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario do 2022, recurso desestimado por Sentenza nº 289/2023, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída no Procedemento Ordinario 288/2022), confirmada en apelación por Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19 de abril do 2024. O Concello de O Porriño deixou firme e consentida esta Sentenza do Tribunal. En consecuencia, todas as liquidacións bimensuais xiradas sobre as bases do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998, que foron debidamente notificadas ao Concello de O Porriño, son débeda vencida, líquida e esixible.

**Oitavo.-** A partir de xaneiro do 2023, as liquidacións bimensuais remitidas ao Concello de O Porriño teñen fundamento nun novo acordo plenario do 29 de marzo do 2023, adoptado tras outorgar dous trámites de audiencia ao Concello de O Porriño. Foi preciso adoptar o acordo no ano 2023 porque o acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 fixaba a participación do Concello de O Porriño con fundamento en tres parámetros: recuperación da Canle de Eiras-Tramo PIC 0291 (amortización), vixilancia do Encoro de Eiras e mantemento e conservación da Canle e a Canle de Eiras estaría plenamente amortizada a 31/12/2022. En consecuencia, foi preciso actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023.

**Noveno.-** Ao día da data, o Concello de O Porriño mantén unha débeda en período executivo por importe de 5.927.928,85€, segundo informe do Sr. Tesoureiro Municipal, co seguinte detalle:

Período	Principal	Costas	Recarga	Xuros	total
Até 31/12/2013	2.140.425,30	292,74	428.085,08	802.948,66	3.371.751,78
01/01/2014 a 31/12/2023	1.910.543,05	195,26	367.226,82	278.211,94	2.556.177,07

Total	4.050.968,35	488,00	795.311,90	1.081.160,60	5.927.928,85
-------	--------------	--------	------------	--------------	--------------

## II.- RELATIVOS Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE O PORRIÑO DO 2024

**Primeiro.-** No Boletín Oficial de Provincia Nº 163 do 22 de agosto do 2024 publicouse anuncio de exposición pública do acordo plenario do Concello de O Porriño de aprobación inicial do seu orzamento para 2024, adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 20/08/2024.

**Segundo.-** Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de setembro de 2024, adoptouse o seguinte Acordo:

*“ Formular, con carácter previo á vía contencioso-administrativa, reclamación contra o acordo plenario do Concello de O Porriño de aprobación inicial do seu orzamento para 2024, adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 20/08/2024 (publicado no BOP n.o n.o 163 do 22 de agosto do 2024), ao abeiro do disposto nos artigos 170.1.b) e 170.2.b) do TRLRFL, en base á motivación xurídica contida no informe que antecede.”*

A certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local arriba citado foi notificada ao Concello de O Porriño en data 6 de setembro do 2024.

**Terceiro.-** Así as cousas e non tendo sido notificada ao Concello de Vigo a estimación da reclamación formulada contra o orzamento inicialmente aprobado, no Boletín Oficial da Provincia nº 192 do 2 de outubro de 2024 publicouse anuncio de aprobación definitiva do orzamento municipal 2024 do Concello de O Porriño, adoptado na súa sesión plenaria do 30 de setembro do 2024.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**I.-** De conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: *“Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e nos prazos que establecen as normas de dita xurisdicción”*. Neste senso, no anuncio publicado do BOP nº 192 do 2 de outubro de 2024 faise ofrecemento deste recurso.

Pola súa banda, dispón o artigo 68.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, que *“As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”*.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

II.- No presente caso, procede a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario de 30 de setembro do Concello de O Porriño, de aprobación definitiva do seu orzamento para 2024, porque o Concello de O Porriño mantén unha débeda vencida, líquida e esixible co Concello de Vigo, derivada da corresponsabilidade na asunción dos custos pola utilización conxunta dunhas infraestruturas hidráulicas, que na actualidade ascende a 5.927.928,85€. Este impago e a falta de previsión orzamentaria para atender a esta débeda supón un prexuízo para o Concello de Vigo e para a súa cidadanía e unha vulneración dos principios de equidade, de prohibición do abuso de dereito e de enriquecemento inxusto.

Neste senso, a directa afectación para o Concello de Vigo do acordo de aprobación definitiva do orzamento do 2024 do Concello de O Porriño é manifesta.

A efectiva prestación por parte do Concello de Vigo do suministro de auga ao Concello de O Porriño a través de infraestruturas hidráulicas, require sufragar uns custos de explotación e mantemento que ata o día da data está a atender o Concello de Vigo- a través da súa concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento de augas, AQUALIA-FCC UTE VIGO- se ben son custos dos que debe responder proporcionalmente o Concello de Porriño, en canto Entidade Local tamén beneficiaria de tales infraestruturas.

A situación real non só é que o Concello do Porriño ao día da data carece de concesión hidráulica ningunha, senón que non paga nada por beneficiarse dunhas infraestruturas sen as cales non podería abastecer de auga nin ao seu Polígono (única previsión de abastecemento que constaba na memoria do Proxecto de construción do Encoro) nin á súa poboación.

As contías esixidas ao Concello de O Porriño polo Concello de Vigo fundaméntanse nun acordo plenario do Concello de Vigo de data 27 de xaneiro de 1998, que o Concello do Porriño deixou firme e consentido, por non impugnalo en prazo. A partir deste acordo plenario, o Concello de Vigo aproba bimensualmente liquidacións por este ingreso de dereito público de natureza non tributaria, que o Concello de O Porriño ignora e non abona, agás sete facturas por importe total de 139.391,47€, que ingresou dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais.

Ademais de deixar firme e consentido este acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, no que se ao que aproban as liquidacións bimensuais, o Concello de O Porriño tentou unha revisión de oficio do mesmo. A súa solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 foi inadmitida por acordo plenario do Concello de Vigo do 28/12/2022. O Concello de O Porriño interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario do 2022, recurso desestimado por Sentenza nº 289/2023, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída no Procedemento Ordinario 288/2022), confirmada en apelación por Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19 de abril do

2024. O Concello de O Porriño deixou firme e consentida esta Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. En consecuencia, todas as liquidacións bimensuais xiradas sobre as bases do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998, que foron debidamente notificadas ao Concello de O Porriño, son débeda vencida, líquida e esixible. A existencia do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro non despraza as obrigas do Concello do Porriño respecto do Concello de Vigo e ademais, o Concello realiza unha dobre notificación das liquidacións bimensuais: ao Concello de O Porriño e ao Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro. Ningunha das dúas entidades paga a Vigo, puidendo facelo o Consorcio ao estar admitido o pagamento por terceiro expresamente no artigo 33.1 do Regulamento xeral de recadación. Aínda máis, o Concello de Vigo subministra auga aos municipios da súa área de influencia. Ningún deles mantén débeda co Concello de Vigo, agás Porriño.

A partir de xaneiro do 2023, as liquidacións bimensuais remitidas ao Concello de O Porriño teñen fundamento nun novo acordo plenario do 29 de marzo do 2023, toda vez que o acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 fixaba a participación do Concello de O Porriño con fundamento en tres parámetros: recuperación da Canle de Eiras-Tramo PIC 0291 (amortización), vixilancia do Encoro de Eiras e mantemento e conservación da Canle e a Canle de Eiras estaría plenamente amortizada a 31/12/2022. En consecuencia, foi preciso actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023.

**III.-** A procedencia do recurso contencioso-administrativo tamén ten fundamento na omisión por parte do Concello de O Porriño do crédito necesario de obrigas esixibles a esta entidade local, en virtude de títulos lexítimos. Así, as liquidacións bimensuais das que é debedor foron aprobadas polas correspondentes resolucións do Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, debidamente notificadas e ratificadas polas sentenzas xudiciais recaídas ata o presente momento, desfavorables todas elas ao Concello de O Porriño. Polo tanto, existen títulos lexítimos que obrigan ao Concello de O Porriño a consignar crédito polo importe que adebeda ao Concello de Vigo: 5.927.928,85€.

A esixencia polo Concello de Vigo ao Concello de O Porriño, dende a adopción do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 e ata a actualidade dunhas contías pola utilización compartida dunhas infraestruturas foi validada xudicialmente por todas as sentenzas recaídas ata o momento. Esta esixencia deriva do principio de corresponsabilidade de ambas administracións nos custos incurridos pola utilización conxunta destas infraestruturas hidráulicas, sendo necesaria unha asignación proporcional daqueles.

Así, as Sentenzas nº 249 e 250/2014, ambas de data 24 de novembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, confirmadas en apelación polas Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015) e nº 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015) estableceron



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*que “La exigencia estriba en la corresponsabilidad en la asunción de los costes, en proporción a su participación en su génesis. Así, se viene repercutiendo el precio de la inversión de la nueva canalización -que sirve a ambas entidades-y el gasto en mantenimiento y vigilancia de la planta”.*

En igual sentido, a Sentenza do TSXG nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, no seu FD 2º estableceu que *“Resulta obvio (e esto non o nega o propio Concello de O Porriño) que os usuarios das infraestruturas do subministro de auga deben asumir los custos e que estos se repartan en función de criterios de intensidade do uso (...)”* e a Sentenza do TSXG nº 637/2015, do 22 de outubro dispuxo no seu FD 3 *“De su lectura, se deduce que la naturaleza o el fundamento de este acuerdo se encuentra en la consideración de que existe una responsabilidad de ambos concellos en la asunción de costes en proporción a su participación en el origen de esos gastos”.*

É indiscutible a existencia de títulos lexítimos que amparan o dereito do Concello de Vigo a un importe que na actualidade ascende a 5.927.928,85€.

**IV.-** O acordo plenario de aprobación definitiva do orzamento do Concello de O Porriño do 2024 supón un incumprimento do principio de equilibrio orzamentario (arts. 165.4 do TRLRFL e 16 do RD 500/90), así como de estabilidade orzamentaria (artigos 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e 26.1 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria).

A falta de consignación orzamentaria para afrontar a débeda vencida, líquida e esixible supón un incumprimento do obxectivo de equilibrio orzamentario que regula o artigo 11 da LOEOF, que obriga que a formación, aprobación e execución dos Orzamentos someteráse ao principio de estabilidade orzamentaria.

O artigo 135.2 da Constitución Española, obriga a que as entidades locais deberán presentar equilibrio orzamentario, é evidente que o equilibrio orzamentario está formado en fraude de lei, ao non estar previsto a dotación para facer fronte a obrigas vecidas e esixibles fronte ao Concello de Vigo.

Estes incumprimentos normativos e orzamentarios supoñen que este acordo plenario é contrario a Dereito.

**V.-** Coa aprobación definitiva do orzamento do Concello de O Porriño para o 2024, este concello vulnera a doutrina dos actos propios. Así, no ano 2009 pagou unha factura de data 20/4/2009, por importe de 27.457,68€ e no ano 2012, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, o Concello de Porriño aboou outras sete facturas por importe total de 139.391,47€.

A falta de consignación orzamentaria no orzamento definitivamente aprobado para facer fronte á débeda que mantén con Vigo e a persistencia nos impagos, indo en contra dos seus propios actos, determina que o acordo adoptado é contrario a Dereito.

**VI.- Competencia:** de conformidade co disposto no artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para o exercicio de accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia, sendo tamén o órgano competente en materia de xestión económica (artigo 127.1.g) da Lei 7/1985).

A vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario do Concello de O Porriño do 30 de setembro de 2024 de aprobación definitiva do seu orzamento para o exercicio económico 2024 (anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 192 do 2 de outubro de 2024), en base á motivación xurídica contida no informe que antecede.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(860).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VIAS E OBRAS. EXPTE. 93597/250.**

Visto o informe xurídico do 21/10/2024 e o informe de fiscalización do 22/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- A execución de obras é unha das actividades do Taller de Vías e Obras baixo a competencia da Concellería de Fomento e Servizos. Consecuencia destas obras, xéranse una serie de residuos entre os que se atopan os de construción e demolición que, como indica o preámbulo do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (RCDs), teñen como consecuencia problemas de carácter medioambiental sen unha xestión correcta dos mesmos. Asemade, os RCDs son incompatibles co tratamento do resto dos residuos polo que deben tratarse por separado.

2.- Pola súa banda, o devandito Real Decreto 105/2008 establece, no seu artigo 5.2, a obriga do posuidor de RCDs, cando non proceda xestionalos por si mesmo, de entregalos a un xestor de residuos autorizado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

3.- Tendo en conta o anterior, e que o Concello de Vigo non ten a capacidade técnica nin os recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo a recollida e xestión dos RCDs das obras que leva a cabo a través do Taller de Vías e Obras, a Xunta de Goberno aprobou, en sesión ordinaria do 14.10.2021, a adxudicación da contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no Taller de Vías e Obras. (Expte. 87033-250). O devandito contrato, actualmente en vigor, ten unha duración de dous anos cunha única prórroga dun ano.

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 03.11.2023 acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato, polo que o mesmo rematará o vindeiro 11.11.2024. Por este motivo faise necesario proceder a preparar o expediente para a contratación dun novo contrato de servizos para a recollida, transporte, entrega ao xestor autorizado dos residuos procedentes de construción e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras.

5.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais de data 23.05.2024.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 24.05.2024.
- C) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 11 e 12.07.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26.06.2024.
- E) Certificados de existencia de crédito asinados polo Director Superior Contable en data 01.07.2024.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 13.09.2024.
- G) Anuncio previo no Diario Oficial da Unión Europea de data 17.09.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en datas 16 e 17.09.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14.10.2024.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de **“RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓNS E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO”**.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 11 e 12.07.2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14.10.2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO CORENTA E SETE MIL NOVE EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (147.009,26 €)**, sendo a partida correspondente ao IVE de 13.364,48 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a distribución de anualidades proposta.

Anualidade	con IVE
2024	12.250,70 €
2025	73.504,63 €
2026	61.253,93 €
<b>Total</b>	<b>147.009,26 €</b>

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(861).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE FERRAXERÍA, FONTANERÍA, FECHADURAS, FERRAMENTAS, PEQUENAS MÁQUINAS E SIMILARES PARA A CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. 12627/612.**

Visto o informe xurídico do 14/10/2024 e o informe de fiscalización do 17/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/10/2024, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

I.1.- D. Manuel Muradas Seara en representación da empresa SUMINISTROS PUNTO FIJO SL, CIF B27815539, presentou escrito en data 17/09/2024 ( doc. 240279565) manifestou a

vontade de prorrogar o contrato do que é adxudicatario do subministro de material de ferretería para a Concellería de Medio Ambiente ( expdte 11475-612) en contestación ao requirimento do Servizo de Medio Ambiente de 17/09/2024.

I.2.- A Xunta de Goberno Local, con data 29 de decembro de 2022, acordou aprobar o expediente para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente.

*“ 2.Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (B-27.815.539) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) por un prezo máximo de 52.994,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.197,47 euros e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no Anexo I do PPTP do 21%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

I.3.- Con data de 29 de decembro de 2022 a empresa adxudicataria asina o contrato para a prestación do subministro. Na documentación que forma parte do contrato, contemplándose unha prórroga de dous anos de duración.

A entidade adxudicataria ven prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

## **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

II.1.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece que:

*“ O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei.*

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses”.

O Prego de Cláusulas Administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece na cláusula 7 que o prazo de execución poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla unha prórroga de dous anos de duración.

II.2.- Polo tanto, tanto a lexislación de aplicación (LCSP) como o contrato (PCAP), permiten a prórroga do contrato. Asemade, respecto ao prezo en vigor do subministro, non se estima que unha nova contratación poida ser máis beneficiosa para o Concello ao ser preciso, cando menos, manter o nivel de subministro existente.

### II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP no apartado 4.c) establece que:

“ PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, 1 prórroga de 2 anos de duración”

O prezo do contrato para a prórroga comprendida entre o 29/12/2024 e o 28/12/2026 é de 52.994,96 € coas seguintes anualidades:

- 13.248,74 euros para o ano 2024.
  - VigoZoo: 6.000,00 €
  - Medio Ambiente: 4.250,00 €
  - Laboratorio: 2.998,74 €
- 26.497,48 euros para o 2025.
  - VigoZoo: 12.000,00 €
  - Medio Ambiente: 8.500,00 €
  - Laboratorio: 5.997,48 €
- 13.248,74 euros para o 2026.
  - VigoZoo: 6.000,00 €
  - Medio Ambiente: 4.250,00 €
  - Laboratorio: 2.998,74 €

Polo tanto, o importe da prórroga do contrato comprendido entre o 29/12/2024 e o 28/12/2026 ascende ao importe de 52.994,96 €, IVE 21% engadido. Para o ano 2024 será con cargo ás seguintes partidas orzamentarias de gasto:

- 337.1.221.99.01 “Ferramentas e outro material”: 6.000,00 €
- 172.1.221.99.00 “Outras subministracións”: 4.250,00 €
- 311.0.221.99.00 “Outras subministracións”: 2.998,74 €

### II.- 4 COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido da Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Por todo o exposto, tralos informes favorables da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar a prórroga de dous anos de duración do contrato do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente, á adxudicataria " *SUBMINISTROS PUNTO FIJO SL (B27815539)*", por acordo da XGL de 29/12/2022, dende o 29 de decembro de 2024 ata o 28 de decembro do 2026.

O importe total do período da prórroga, 2 anos, de 52.994,96 euros con IVE, dende o 29 de decembro de 2024 ata o 28 de decembro do 2026. Para o ano 2024 será con cargo ás seguintes partidas orzamentarias de gasto:

- 337.1.221.99.01 "Ferramentas e outro material": 6.000,00 €
- 172.1.221.99.00 "Outras subministracións": 4.250,00 €
- 311.0.221.99.00 "Outras subministracións": 2.998,74 €

As anualidades son:

- 13.248,74 euros para o ano 2024.

- VigoZoo: 6.000,00 €
- Medio Ambiente: 4.250,00 €
- Laboratorio: 2.998,74 €

- 26.497,48 euros para o 2025.

- VigoZoo: 12.000,00 €
- Medio Ambiente: 8.500,00 €
- Laboratorio: 5.997,48 €

- 13.248,74 euros para o 2026.

- VigoZoo: 6.000,00 €
- Medio Ambiente: 4.250,00 €
- Laboratorio: 2.998,74 €

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contenciosos-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contenciosos Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, Interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Resolución do procedemento contraditorio para determinar un posible incumprimento do código ético nun expediente de contratación. Expte. 7036/241.
- .- Bases e convocatoria das "Subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2024". Expte. 11798/320.
- .- Modificación do contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización. Expte. 8654/252.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**19(862).- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO CONTRADITORIO PARA DETERMINAR UN POSIBLE INCUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO NUN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 7036/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/10/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello (PCAP)
- Resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 6 de novembro de 2020, por delegación da Xunta de Goberno Local, no marco do Plan de Integridade na contratación.

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 27 de agosto de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación do procedemento para a contratación por procedemento aberto dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación(expediente 5450-330).

**Segundo.-** O anuncio de licitación publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o 28 de agosto de 2024, e comezou o prazo de presentación de ofertas. Durante o mesmo presentaron ofertas SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., e FLUGE GALICIA, S.L. Ambos foron admitidos nesta licitación por acordo da Mesa de Contratación de 19 de setembro, tras a cualificación da documentación administrativa.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Terceiro.-** Unha vez abertos e valorados os sobres B e C, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu, en data 30 de setembro de 2024, á proposta da Mesa de Contratación, clasificar as proposicións admitidas e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, SLU, a presentación da documentación necesaria para proceder a adxudicación do contrato. Notificada a resolución ao licitador na mesma data, este presentou a documentación requirida no Rexistro Xeral deste Concello, o propio 30 de setembro:

- As 14:09 horas achegou: o certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia; a declaración responsable do Anexo IV ao PCAP; o certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Agencia Estatal de Administración Tributaria; o certificado de estar ao corrente nas obrigas de Seguridade Social; un certificado de boa execución de contratos emitido pola Secretaria do Goberno Local deste Concello para acreditar a solvencia técnica, o modelo 390 de declaración do IVE anual para acreditar a solvencia económica, e a garantía definitiva.
- As 14:19 horas achegou: a declaración responsable do Anexo V ao PCAP.
- As 22:44 horas achegou: un novo certificado de estar ao corrente nas obrigas de Seguridade Social (SS) e un novo certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

Presentada a documentación, a secretaria da Mesa procedeu a súa comprobación, resultando ser toda correcta agás os certificados de non estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa SS.

Para comprobar a veracidade dos certificados presentados polo licitador de estar ao corrente das súas obrigas tributarias a efectos de contratar co sector público, accedeuse a sede electrónica da AEAT, ao servizo "Cotejo de documentos mediante código seguro de verificación" de su (<https://www2.agenciatributaria.gob.es/wpl/inwinvoc/es.aeat.dit.adu.eeca.catalogo.vis.VisualizaSc?COMPLETA=NO&ORIGEN=J>).

A veracidade dos certificados presentados polo licitador de estar ao corrente das súas obrigas coa SS comprobouse a través do "Servicio de verificación de integridad de documentos" de su sede electrónica <https://w6.seg-social.es/ProsaInternetAnonimo/OnlineAccess?ARQ.SPM.ACTION=LOGIN&ARQ.SPM.APPTYPE=SERVICE&ARQ.IDAPP=AFHS0002>

Así mesmo, en data 1 de outubro, a área de Contratación comprobou de oficio, a través da plataforma de intermediación do Estado, se o licitador estaba ao corrente das súas débedas coas citadas administracións sendo o resultado negativo, posto que non estaba ao corrente das mesmas.

**Cuarto.-** Dado que non se puido comprobar a veracidade dos certificados de non ter débedas tributarias coa AEAT e coa SS presentados polo licitador, o servizo de contratación remitiu sendos oficios á AEAT e a SS o 2 de outubro de 2024.

**Quinto.-** A Tesourería da Seguridade Social contesta ao oficio o 4 de outubro de 2024, e a Agencia Estatal de Administración Tributaria o 7 de outubro de 2024.

**Sexto.-** En data 7 de outubro de 2024 a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, á vista dos informes da AEAT e da SS, informa á Mesa de Contratación sobre a posible contravención polo licitador do Código Ético do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación na sesión de 7 de outubro de 2024 acordou, á vista do informe citado no antecedente anterior, incoar procedemento contraditorio a SOLIMUSIC EVENTS SLU, consonte ao previsto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento de licitación para a contratación por procedemento aberto dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello (expediente 5450-330).

**Oitavo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 7 de outubro de 2024, no exercicio de competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, resolveu Iniciar o procedemento contraditorio e notificarlo ao licitador, concedéndolle un trámite de audiencia polo prazo de 10 días hábiles. Esta resolución notificouse ao interesado ao día seguinte.

**Noveno.-** En data 21 de outubro de 2024 SOLIMUSIC EVENTS, SLU, dentro do prazo conferido ao efecto, presenta alegacións e documentación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Do posible incumprimento do código ético**

A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, en data 6 de novembro de 2020, por delegación da Xunta de Goberno Local, no marco do Plan de Integridade na contratación, aprobou a introdución nos pregos de cláusulas administrativas particulares unha cláusula que inclúa un código ético que reproduce. Así, no PCAP que rexe este procedemento a cláusula 23 inclúe este código ético:

### **“CLÁUSULA 23.- CÓDIGO ÉTICO**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

1.- Os licitadores e contratistas, nos procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- a) Cumprir cos principios éticos e, no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
- b) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprochable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
- c) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
- d) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
- e) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
- f) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- g) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- h) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.
- i) Cumprir co Plan antifraude do Concello de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2022.

2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contraditorio”.

No caso que nos ocupa o licitador resultou primeiro clasificado no procedemento aberto dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello. Notificada a clasificación, requiríuselle a presentación da documentación necesaria para poder adxudicarlle o contrato, prevista nas cláusulas 9, 18 e 20 do PCAP.

Efectivamente, para poder contratar coas Administracións públicas é necesario ter aptitude para contratar (artigo 65 LCSP). O PCAP a regula na cláusula 8:

*“CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR*

*1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica ou se atopen debidamente clasificadas e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP. Os contratistas deberán contar tamén coa habilitación empresarial ou profesional esixible, no seu caso, para a realización das prestacións obxecto do contrato”.*

Estes requisitos deberán reunirse na data final de presentación das ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato (cláusula 8.6 do PCAP). Os licitadores deberán declarar que reúnen estes requisitos mediante a presentación do Documento único europeo de contratación (DEUC) (cláusula 8.4 do PCAP), que se inclúe no sobre A desta licitación.

Con respecto a súa acreditación, determina a cláusula 8.6 do PCAP *“A Administración poderá requirirlles aos licitadores a súa acreditación en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación, con excepción dos certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e coa Tesourería da Seguridade Social, que serán solicitados de oficio por esta Administración. Para estes efectos concederáselle un prazo de tres días. De non presentar a documentación requirida no prazo establecido entenderase que o licitador desiste do procedemento. Fóra deste suposto, a documentación acreditativa da capacidade do contratista esixiráselle unicamente ao primeiro clasificado”.*

Requirida a documentación, o licitador achegou, non so a documentación solicitada senón tamén os certificados de non ter débedas coa AEAT e a SS, os cales non era necesario que os presentase por canto se obteñen de oficio pola Administración a través da plataforma de intermediación do Estado. Dado que o licitador presentou os mesmos, a área de Contratación procedeu a comprobar a súa veracidade.

Para comprobar a veracidade dos certificados presentados polo licitador de estar ao corrente das súas obrigas tributarias a efectos de contratar co sector público, accedeuse a sede electrónica da AEAT, ao servizo "Cotejo de documentos mediante código seguro de verificación" de su (<https://www2.agenciatributaria.gob.es/wlpl/inwinvoc/es.aeat.dit.adu.eeca.catalogo.vi.s.VisualizaSc?COMPLETA=NO&ORIGEN=J>).

Tras introducir o código seguro de verificación do certificado presentado en primeiro lugar (documento 1), a páxina respondeu *“El código que ha utilizado en el cotejo no es un CSV válido: B4EFCQQEQNZHTX6D. ERROR: El CSV no existe”.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Cotejo de Documentos — Mozilla Firefox

Cotejo de Documento x +

https://www2.agenciatributaria.gob.es/wpl/inwivoc/es.aeat.dit.adu.eeca.catalogo.vis.Visualiza5c

Importar marcadores... Plataforma de Contrat... Concello de Vigo EGAP - Identificación d... eido local Recibidos - vistaigre2... Cisco Webex Meetings... Otros marcadores

GOBIERNO DE GALICIA VICERRENCIA PRIMA DEL GOBIERNO MINISTERIO DE HACIENDA Agencia Tributaria Sede electrónica 07/10/2024 10:55:50 ÁREA PERSONAL ES

Cotejo de Documentos

El código que ha utilizado en el cotejo no es un CSV válido: B4EFCQQEQNZHTX6D.  
ERROR: El CSV no existe.

Datos

El asterisco \* indica que es imprescindible completar este dato

\* Código Seguro de Verificación  
B4EFCQQEQNZHTX6D

Enviar Borrar

Cotejo de documentos mediante código seguro de verificación con certificado y puesta de manifiesto de expedientes electrónicos

Agencia Tributaria Contacta con nosotros Ayuda Enlaces de interés

Accesibilidad Teléfonos de interés Buscar Ministerio de Hacienda

Aviso de seguridad Buscador de oficinas Consultas informáticas Fiscalidad autonómica y local

Aviso legal Asistencia y Cita Contenidos en lectura fácil Consejo para la Defensa del Contribuyente

Validación del certificado de sede Buzones de sugerencias Diseños de registro Punto de Acceso General

Protección de datos Denuncias Horario de interrupciones de sede Portal de la transparencia

Política lingüística Suscripción newsletter Manuales, videos y folletos Otros enlaces de interés

Estructura y navegación en la sede electrónica Suscripción RSS Simuladores Todas las ayudas

¿Dudas? Clic aquí Información Tributaria Básica

A continuación escaneouse o código QR que remite a un certificado de 6 xuño de 2023 de SOLIMUSIC EVENTS, S.L., N.I.F.: B27793728, DOMICILIO FISCAL: C CAMILO VEIGA NUM 15 Planta 1 Pta. A 36208 VIGO (PONTEVEDRA) (documento 2). Sendo así que no certificado presentado e numerado como documento 1 o domicilio fiscal do licitador é "C MIRAGAIA NUM 7 Planta 2 Pta. C 36201 VIGO (PONTEVEDRA)"

Introduciuse o código de verificación do certificado presentado en segundo lugar (documento 3), a páxina respondeu "El código que ha utilizado en el cotejo no es un CSV válido: D7EBEQPTQNCVTB3M. ERROR: El CSV no existe".

Cotejo de Documentos — Mozilla Firefox

https://www2.agenciatributaria.gob.es/wlpl/inwinvoc/es.aeat.dit.adu.eeca.catalogo.vis.Visualiza5c

Importar marcadores... Plataforma de Contrat... Concello de Vigo EGAP - Identificación d... eido local Recibidos - vistalegre2... Cisco Webex Meetings... Otros marcadores

Agencia Tributaria Sede electrónica 07/10/2024 11:12:18 AREA PERSONAL ES

Cotejo de Documentos

El código que ha utilizado en el cotejo no es un CSV válido: **D7EBEQPTQNCVTB3M**  
ERROR: El CSV no existe.

Datos

El asterisco \* indica que es imprescindible completar este dato

\* Código Seguro de Verificación  
D7EBEQPTQNCVTB3M

Enviar Borrar

[Cotejo de documentos mediante código seguro de verificación con certificado y puesta de manifiesto de expedientes electrónicos](#)

Agencia Tributaria  
Accesibilidad  
Aviso de seguridad  
Aviso legal  
Validación del certificado de sede  
Protección de datos  
Política lingüística  
Estructura y navegación en la sede electrónica

Contacta con nosotros  
Teléfonos de interés  
Buscador de oficinas  
Asistencia y Cita  
Buzones de sugerencias  
Denuncias  
Suscripción newsletter  
Suscripción RSS

Ayuda  
Buscar  
Consultas informáticas  
Contenidos en lectura fácil  
Diseños de registro  
Horario de interrupciones de sede  
Manuales, vídeos y folletos  
Simuladores  
Todas las ayudas

Enlaces de interés  
Ministerio de Hacienda  
Fiscalidad autonómica y local  
Consejo para la Defensa del Contribuyente  
Punto de Acceso General  
Portal de la transparencia  
Otros enlaces de interés

¿Dudas? Clic aquí Información Tributaria Básica

O código QR nos remitiu a un certificado de 6 xuño de 2023 de SOLIMUSIC EVENTS, S.L., N.I.F.: B27793728, DOMICILIO FISCAL: C CAMILO VEIGA NUM 15 Planta 1 Pta. A 36208 VIGO (PONTEVEDRA) (documento 2). Sendo así que no certificado presentado e numerado como documento 1 o domicilio fiscal do licitador é “C MIRAGAIA NUM 7 Planta 2 Pta. C 36201 VIGO (PONTEVEDRA)”

A veracidade dos certificados presentados polo licitador de estar ao corrente das súas obrigas coa SS comprobouse a través do “Servicio de verificación de integridad de documentos” de su sede electrónica <https://w6.seg-social.es/ProsaInternetAnonimo/OnlineAccess?>

[ARQ.SPM.ACTION=LOGIN&ARQ.SPM.APPTYPE=SERVICE&ARQ.IDAPP=AFHS0002](https://w6.seg-social.es/ProsaInternetAnonimo/OnlineAccess?ARQ.SPM.ACTION=LOGIN&ARQ.SPM.APPTYPE=SERVICE&ARQ.IDAPP=AFHS0002) Tras introducir o Código Electrónico de Autenticidad (Códigos CEA) do certificado presentado en primeiro lugar (documento 4) a páxina responde “El Documento solicitado no existe”.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

SVID-Servicio de verificación de integridad documental — Mozilla Firefox

https://w6.seg-social.es/ProsalnternetAnonimo/OnlineAccessUtf8?jsessionId=0000BeW3Q6hOP7WPAmLRmZs5Qf6:1draslf4f

Notificación  
El Documento solicitado no existe.

Introduzca los códigos necesarios

Los campos marcados con (\*) son obligatorios.

(\*) Fecha: 09/09/2024  
(\*) Código CEA: ITX67-D5G7N-O2PM6-O5JGN-PBGLK-ACYHR

Pregunta de seguridad

Para poder continuar, debe escribir en el espacio reservado cuál de las siguientes opciones se corresponde con: **Bebida**

**Carpintero, Sidra, Alba, Mandolina, Cono**

(\*) Respuesta

La validación tiene en cuenta los acentos

Verificar código CEA

GOBIERNO DE ESPAÑA

Copyright © Seguridad Social 2023. Todos los derechos reservados

Introduciuse o Código Electrónico de Autenticidad (Códigos CEA) do certificado presentado en segundo lugar (documento 5) e a páxina respondeu “*El Documento solicitado no existe*”

Á vista destas circunstancias, a área de Contratación e Novos Proxectos, por unha banda, comprobou a través da plataforma de intermediación do Estado o **1 de outubro** se o licitador estaba ao corrente das súas débedas coas citadas administracións sendo o resultado negativo, posto que non estaba ao corrente das mesmas. E por outra banda, enviou sendos oficios a través da plataforma SIR á Secretaría General de la Delegación de Vigo de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria e á Dirección Provincial da TGSS de Pontevedra (Sede Vigo) en data 2 de outubro de 2024.

A subdirectora provincial da TGSS de Pontevedra, en data 4 de outubro de 2024, informa o seguinte:

*“En relación con su solicitud, que ha tenido entrada el 04/10/2024 a través de registro electrónico, de comprobación de la veracidad de los certificados de encontrarse al corriente de las obligaciones con la Seguridad Social presentados por la empresa SOLIMUSIC EVENTS, S.L. con CIF B27793728, de fechas 09/09/2024 con código CEA ITX67-D5G7N-O2PM6-O5JGN-PBGLK-ACYHR y 30/09/2024 con código CEA FDX53-C2F1D-O1PM6-O5ZGU-LQGLM-CCYTM, en el marco del procedimiento abierto para la contratación de servicios de trabajos técnicos derivados de la programación de actividades y espectáculos en el auditorio municipal de ese Concello, y tras la realización de las verificaciones oportunas en nuestras bases de datos, se comunica la no autenticidad de dichos certificados, al haber sido modificados con posterioridad a su generación. Esta Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social trasladará la documentación a la unidad competente para la realización de las pesquisas e investigaciones pertinentes”.*

A Delegación de Vigo da Agencia Tributaria, en data 7 de outubro de 2024, informa que:

“El Real Decreto 1671/2009, de 6 de noviembre, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los servicios públicos dispone en su artículo 20 lo siguiente:

“1. La Administración General del Estado y sus organismos públicos vinculados o dependientes podrán utilizar sistemas de código seguro de verificación de documentos en el desarrollo de actuaciones automatizadas. Dicho código vinculará al órgano u organismo y, en su caso, a la persona firmante del documento, permitiéndose en todo caso la comprobación de la integridad del documento mediante el acceso a la sede electrónica correspondiente.

2. El sistema de código seguro de verificación deberá garantizar, en todo caso:

- a) El carácter único del código generado para cada documento.
- b) Su vinculación con el documento generado y con el firmante.
- c) Asimismo, se debe garantizar la posibilidad de verificar el documento por el tiempo que se establezca en la resolución que autorice la aplicación de este procedimiento.”

La AEAT en su SEDE ELECTRÓNICA pone a disposición de los ciudadanos e instituciones un servicio para el cotejo de documentos. <https://www2.agenciatributaria.gob.es/wlpl/inwinvoc/es.aeat.dit.adu.eeca.catalogo.vis.VisualizaSc?COMPLETA=NO&ORIGEN=J>

El objeto de este trámite es, tal y como se señala en la propia web, el siguiente:

“Comprobación por parte del ciudadano de la autenticidad e integridad de un documento generado por la Agencia Estatal de Administración Tributaria, mediante la comparación entre el documento físico y el que figura en la sede electrónica de la AEAT.”

Además, se indica:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

“Al introducir el código seguro de verificación, se visualizará el documento administrativo al que está vinculado dicho código, de modo que el ciudadano podrá comprobar la identidad entre el documento que ha recibido y el que se encuentra en la sede electrónica de la AEAT.”

Por tanto, es en la SEDE ELECTRÓNICA de la AEAT donde deben hacer esa autenticación”.

Do exposto dedúcese que SOLIMUSIC EVENTS presentou no marco do procedemento de licitación certificados de non ter débedas coa AEAT e coa SS non auténticos. Se ben a AEAT non se pronuncia sobre a autenticidade dos mesmos, indica que a comprobación da súa autenticidade debe realizarse na súa sede electrónica, no servizo de cotexo electrónico de documentos. Tal e como se relatou, realizado este cotexo resulta que os códigos de verificación dos dous certificados presentados non existen. E da lectura do seu código QR despréndese que o documento do QR corresponde a un certificado distinto do presentado. O informe da Tesourería da SS é máis contundente e afirma *“la no autenticidad de dichos certificados, al haber sido modificados con posterioridad a su generación”*.

No trámite de audiencia evacuado o licitador límitase a alegar, en escrito de data 21 de outubro de 2024, que *“Por error en la aportación de documentación en el Proceso licitación, se aportaron Certificados de no tener deudas ni con la AEAT ni con la SS, que no son válidos”*. Axunta dous certificados acreditativos de non ter débedas coa SS de data 18 de outubro, con diferentes códigos de verificación, que si son válidos, así como varios xustificantes de pago de liquidación da Axencia Tributaria. Aclara así mesmo que *“hasta el próximo día 5/11/2024, se pueda disponer de Certificado Actualizado, por cuestiones derivadas del propio funcionamiento de la Administración de la AEAT. No obstante lo anterior, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. no tiene Deuda alguna con la AEAT, y en cuanto disponga del Certificado aludido, así lo acreditará”*.

Á vista destas alegacións, non queda acreditada a autenticidade dos catro certificados que presentou o 30 de setembro.

O apartado 1.b da citada cláusula 23 do PCAP determina que os licitadores deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprochable. A presentación de certificados de non ter débedas coa AEAT e coa SS que non son auténticos conculca este precepto. Por outra banda, consta acreditado no expediente que o licitador tiña débedas con ambas administracións na data de presentación destes certificados, dato que se comprobou de oficio pola área de Contratación e Novos Proxectos a través da Plataforma de Intermediación, e o licitador declarou no Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) presentado no sobre A da súa oferta, estar ao corrente das súas obrigas tributarias. Efectivamente no mesmo SOLIMUSIC declara, na parte III do DEUC, *“motivos de exclusión”*, na letra B *“motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social”*:

***“El artículo 57, apartado 2, de la Directiva 2014/24/UE establece los siguientes motivos de exclusión:  
Pago de impuestos***

*¿Ha incumplido el operador económico sus obligaciones relativas al pago de impuestos, en el país en el que está establecido o en el Estado miembro del poder adjudicador o la entidad adjudicadora, si no coincide con su país de establecimiento?*

*Indique la respuesta*

Sí

No

*Esta información, ¿está disponible sin costes para las autoridades en una base de datos de un Estado miembro de la UE?*

Sí

No

En conclusión, á vista do exposto, podemos afirmar que o licitador tiña que reunir aptitude para contratar na data final de presentación das ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato (cláusula 8.6 do PCAP). Así o declarou no DEUC que presentou no sobre A da súa oferta (cláusula 8.4 do PCAP).

Unha vez que resultou primeiro clasificado e se lle requiriu a documentación para poder adxudicarlle o contrato, o licitador achegou, non so a documentación solicitada, senón tamén os certificados de non ter débedas coa AEAT e a SS, os cales non era necesario que os presentase por canto se obteñen de oficio pola Administración a través da plataforma de intermediación do Estado.

Dos datos obrantes no expediente dedúcese que o licitador non estaba ao corrente das súas obrigas tributarias no momento no que resultou clasificado, máis declarou o contrario e achegou certificados non auténticos para intentar acreditar estar ao corrente, práctica eticamente reprochable e que conculca o código ético deste concello, tal e como dispón a cláusula 23 do PCAP.

Consonte ao previsto no apartado 2 da citada cláusula 23, o incumprimento do código ético carrega a exclusión da oferta do licitador. Esixe que con carácter previo se tramite un procedemento contradictorio e se evacúe trámite de audiencia ao contratista para que poda manifestar o que a seu dereito conveña, requisitos ambos que foron cumpridos.

En consecuencia, procede propoñer ao órgano de contratación, a exclusión de SOLIMUSIC EVENTS, SLU, do procedemento de licitación para a contratación por procedemento aberto dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello (expediente 5450-330) por acreditarse, tras a tramitación dun procedemento contradictorio, o incumprimento do código ético por ter presentado no mesmo certificados de non ter débedas coa AEAT e coa SS que non son auténticos.

**-II-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**-III-**

### **Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Excluir a SOLIMUSIC EVENTS, SLU, do procedemento de licitación para a contratación por procedemento aberto, dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello (expediente 5450-330) por acreditarse, tras a tramitación dun procedemento contradictorio, o incumprimento do código ético regulado na cláusula 23 do PCAP, nos termos sinalados no fundamento xurídico primeiro deste informe.*

*2º.- Notificarlle o presente acordo á Mesa de Contratación do Concello de Vigo e ao servizo xestor.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(863).- BASES E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2024". EXPTE. 11798/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 23/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Con data 16 de setembro de 2024, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Distritos resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de “Bases reguladoras das subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2024”.

O fin destas subvencións - que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024. - é colaborar no financiamento das entidades

beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### **1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA**

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

### **3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS**

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS**

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 17 de outubro de 2023 e o 15 de outubro de 2024**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **13.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **12.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

### **5. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, a concellería de Participación Cidadá e Distritos convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias,

para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuïto:

· **Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

- 1. Asistencial e saúde
- 2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

- 10.1 Asociacións veciñais



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

3.2 Festivas e de lecer

10.1 Asociacións veciñais

10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**. Programa IV. Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade)** no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

6.6: Valores, étnicas e relixiosas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

### **6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA**

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

As principais novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- **Inclusión dun novo programa:**

**Programa IV. Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade)** no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

## 6.6: Valores, étnicas e relixiosas

- **Base 1ª. Obxecto, finalidade e beneficiarias das subvencións:** en coherencia co novo Programa IV, inclusión como entidades beneficiarias as de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas. Así mesmo, inclusión como finalidades os seguintes apartados:

*“Fomentar a participación cidadá no seu sentido máis amplo contribuíndo a visibilizar a acción social, cultural, educativa e de ocio desenvolvida polas asociacións civís, fundacións, entidades relixiosas e entidades sen ánimo de lucro inscritas no RMA que operan na cidade.*

*Promover a formación integral das persoas en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade) cara unha maior sensibilización na mellora da integración e cohesión social e en contra da exclusión.*

*Reforzar os vínculos da comunidade veciñal e do tecido asociativo da cidade contribuíndo á dinamización das relacións interconfesionais en recoñecemento do pluralismo relixioso e a interculturalidade existente na cidade e a súa contribución á vida social, educativa e cultural.”*

- **Base 3ª. Gastos Subvencionables**

**Programa II:** Gastos derivados da organización de xogos populares: neste suposto aclárase que “non se consideran – trofeos – os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.)

**Programa III:** Gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais: neste suposto aclárase que se subvencionan os gastos de deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio web.

Engádense os novos gastos para o **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

- **Base 4ª. Contía total e crédito orzamentario**

Neste suposto, o crédito total destinado a estas axudas non sofre modificacións, se ben, redistribuíronse os importes para dar cobertura ao novo programa IV.

- **Base 9ª. Solicitud e Documentación e Base 10ª Criterios de Valoración dos Proxectos:**

**Anexo II. Programa das actividades:** mellora na descrición das actividades previstas conforme aos criterios de valoración que se detallan para cada un dos 4 programas.

- **Base 13ª. Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada:** introdúcense melloras na redacción para insistir no cumprimento das obrigas de xustificación da forma de pago, concretamente, no suposto de pagos con cheque bancario.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Inclusión do apartado 13ª.3) para aclarar a obrigatoriedade de presentar a “Declaración responsable de non dedución de IVE”, que na anterior convocatoria correspondíase co Anexo XI, se ben, nesta nova redacción consta como Anexo X deixando o actual Anexo XI “Renuncia” coma opcional para aquelas entidades que queiran renunciar á subvención outorgada.
- Programa I e II: na redacción inicial requiríase unha “copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco”, no novo texto, amplíase coa opción de presentar unha certificación da empresa aseguradora que se corresponda co período subvencionado.
- Programa II: amplíase a obrigatoriedade de indicar o número de expediente do servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, en todos aqueles casos nos que sexa esixible segundo a citada normativa e non unicamente cando se instale unha carpa.
- Inclusión do novo Programa IV: **“Documentación complementaria no Programa IV:**
  - *Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco ou certificación da empresa aseguradora que se corresponda co período subvencionado e xustificante de pago.*
  - *Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, e no suposto de ser esixible, o Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento.”*
- Mellora na redacción na descrición dos datos que deben incluírse no **Anexo IX**. “Memoria do proxecto subvencionado”.

### **7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **8. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES**

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 5 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluído o procedemento.

## **9. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe e **indicacións** de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da concelleira de Área de Goberno Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024) e por Resolución da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Alcaldía de data 20/06/2023 apartado Primeiro k), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das **“Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2024”** de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, e por unha contía total de **100.000,00 euros (cen mil euros)**.

**SEGUNDO.- APROBAR**, como **modelos oficiais**, os 11 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Solicitud-Programa de actividades para o ano 2024
3. Anexo III: Solicitud-Orzamento
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento
9. Anexo IX: Memoria dos proxectos subvencionados
10. Anexo X: Declaración responsable de non dedución do IVE
11. Anexo XI: Renuncia

**TERCEIRO.- PUBLICAR**, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das **“Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2024”** en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).

- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**CUARTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **100.000,00 euros (cen-mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890015, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas I** (“Gastos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares”) , **Programa II** (“Gastos de organización de xogos populares”), **Programa III** (Gastos para o deseño e impresión de publicacións) e **Programa IV** (“Gastos para o desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores”) das “*Subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2024*”.

**QUINTO.- RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

A Concellaría de Participación Cidadá, coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

**·Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**Programa IV. Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade)** no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

- 6.6: Valores, étnicas e relixiosas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

**PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar a participación cidadá no seu sentido máis amplo contribuíndo a visibilizar a acción social, cultural, educativa e de ocio desenvolvida polas asociacións civís, fundacións, entidades relixiosas e entidades sen ánimo de lucro inscritas no RMA que operan na cidade.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Contribuír a difusión e accesibilidade da información entre asociacións sen ánimo de lucro e a facer partícipe aos seus respectivos públicos obxectivos de información relevante e de interese.
- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Contribuír a que a información que reciben os interesados sexa unha información de calidade e colaborar e facilitar as accións encamiñadas á distribución da información nos diferentes deportes.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Promover a formación integral das persoas en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade) cara unha maior sensibilización na mellora da integración e cohesión social e en contra da exclusión.
- Reforzar os vínculos da comunidade veciñal e do tecido asociativo da cidade contribuíndo á dinamización das relacións interconfesionais en recoñecemento do pluralismo relixioso e a interculturalidade existente na cidade e a súa contribución á vida social, educativa e cultural.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun

convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior.

9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
  - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade **para o Programa I e II**, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
  - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para os Programas I , II e IV**.
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 17 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de impresión e distribución de publicacións.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

· **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 17 de outubro de 2023 e o 15 de outubro de 2024**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **13.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **12.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

#### **QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS**

Estas subvencions serán compatibles con outras subvencions ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencions, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencions recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencions (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa a favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

#### **SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:
  - Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
  - Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
  - Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
  - Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
  - Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
  - Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena ("Solicitud e Documentación").
- 2.- Con carácter xeral:
  - En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

### SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros,...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Colaborar co Concello de Vigo, na difusión, entre os participantes e asistentes ao evento, da información de interese municipal que se lle facilite con antelación á celebración das actividades.
4. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de servizo no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
5. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades ou nas publicacións obxecto de subvención, deberá figurar de forma visible, cartel informativo ou imaxe institucional do Concello de Vigo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2024 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s da asociación obxecto de subvención.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
7. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
8. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, comercio, urbanismo, etc.)
9. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.

11. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
12. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
13. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
14. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
15. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para os Programas I, II e IV**.
16. Cumprir coas disposicións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

#### **OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

#### **NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria asinados electronicamente **polo representante legal da entidade**.

#### **ANEXO I. SOLICITUDE**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos

3. Datos bancarios

4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada

5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións

6. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (conforme aos modelos do Anexo VII de cartelería)

7. Sinatura dixital do/a representante legal da entidade

**ANEXO II. PROGRAMA DA/S ACTIVIDADES**, realizadas ou previstas durante o período subvencionable e que serven de fundamento para a concesión da subvención:

**Programa I.** Descrición dos eventos e detalle dos seguintes datos:

Eventos similares desenvolvidas en exercicios anteriores
Duración do evento
Nº de eventos para os que solicita as axudas (máximo 3)
Emprego da lingua galega na difusión dos eventos

**Programa II.** Descrición das actividades e detalle dos seguintes datos:

a) Competicións de xogos populares de <b>ámbito internacional, nacional o autonómico</b> similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria
b) Competicións de xogos populares de <b>ámbito municipal consolidado</b> (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria
Duración das actividades desenvolvidas
Número de entidades participantes
Emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades

**Programa III.** Descrición das publicacións e detalle dos seguintes datos:

a) Deseño e impresión de <b>libros sobre a historia</b> das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria
--

Ámbito xeográfico da <b>difusión de libros sobre a historia das distintas parroquia</b>
b) Deseño e impresión de <b>libros e publicacións relativos a festas</b> similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria
Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións:
Emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións:

**Programa IV:** Neste suposto **debe presentarse unha relación numerada das actividades** realizadas ou previstas, incluíndo como mínimo, os seguintes datos:

- Denominación da actividade
- Duración da actividade
- Idioma empregado (galego, castelan ou ambos)

Representatividade e área de influencia: número de socios:
Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable:
a) Duración media das actividades
b) Número de actividades
Emprego da lingua galega na realización das actividades

### **ANEXO III. ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES**

### **ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS**

### **ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS**

### **ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.**

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

O servizo convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

### DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

#### Cráterios de avaliación das solicitudes

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2007	3
Ano 2008 a 2014	2
Ano 2015 a 2021	1
En diante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) **Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

**Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos

## Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores:	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións:	1 punto
Máis de 45 edicións:	2 puntos
Máis de 50 edicións:	3 puntos
Máis de 55 edicións:	4 puntos
Máis de 60 edicións:	5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:  
Máis de 5 entidades: 5 puntos  
Máis de 10 entidades: 10 puntos
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):  
Si: 2 puntos  
Non: 0 puntos

### Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:  
- Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 ou mais edicións anteriores:	2 puntos

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Nova publicación:	1 punto
Máis de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos:	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si: 5 puntos

Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

**Programa IV: Gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual**, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

- Representatividade e área de influencia.- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

B) O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos (*cando a metade ou mais das actividades previstas se realicen en galego*)

Non: 0 puntos (*cando ningunha das actividades previstas se realicen en galego*)

Parcial: 1 puntos (*cando menos da metade das actividades previstas se realicen en galego*)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.**- Ata 5 puntos

- De 1 € a 2.000 €: 1 punto
- De 2.001 a 3.000 €: 2 puntos
- De 3.001 a 4.000 €: 3 puntos
- De 4.001 a 5.000 €: 4 puntos
- De 5.001 en diante: 5 puntos

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítiranse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Anexo XI**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

### DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

### DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 29 de novembro de 2024.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

**Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.**

**Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente, debe atoparse dentro do período subvencionable.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario).** Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. **Non son subvencionables os pagos en efectivo.**

No suposto de acreditar o gasto con **“cheque bancario”** deberase gardar copia do mesmo, recomendando o uso de cheques nominativos onde conste o perceptor e o concepto de pago, e en calquera caso para acreditar o seu pago efectivo, deberá presentarse igualmente o correspondente movemento bancario.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no **Anexo VIII**, no que se inclúen os seguintes datos:

- **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
- **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electrónicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
  - os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
  - en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
  - se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
  - no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
  - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
  - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
  - cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
  - as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
  - non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computarase o gastos acreditados deducido o IVE

**Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada**, segundo o Anexo VIII, que será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada e presentarse como documento adxunto o Anexo IX: “Memoria de actividades 2023-2024”.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### 1. Anexo VIII. “Solicitud de aboamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.
4. **Declaración responsable** (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).

O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación do **Anexo X: “Declaración responsable de non dedución do IVE”**, así mesmo, na columna de **“Importe Total”, do actual Anexo VIII**, cumprimentarse co importe total das facturas ou a porcentaxe que se impute a esta subvención, salvo que, o IVE sexa susceptible de recuperación ou compensación, en cuxo caso, tan so se fará constar o importe da base impoñible dos xustificantes de gastos (facturas).

#### 5. Documentación complementaria asinada electronicamente polo representante legal da entidade:

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 4*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia dixitalizada da resolución de concesión** das mesmas.

#### Documentación complementaria no Programa I e II

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en todos aqueles casos nos que sexa esixible segundo a citada normativa.
- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco ou certificación da empresa aseguradora que se corresponda co período subvencionado e xustificante de pago.

#### Documentación complementaria no Programa III

- Para xustificar o cumprimento da subvención outorgada, a entidade debe presentar un arquivo coa publicación subvencionada en formato dixital que non exceda de 5 MB.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao ámbito xeográfico da difusión dos libro sobre a Historia das distintas parroquias (*distrito/parroquial, municipal, autonómico, nacional ou internacional*), a entidade terá que presentar un certificado, expedido polo/a secretario/a da entidade, onde se xustifique o ámbito de distribución de dita publicación.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao “deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria” , a entidade terá que presentar, dixitalizado, o exemplar máis antigo publicado.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao “número de exemplares editados ou impresos” a entidade terá que presentar a factura correspondente onde conste de forma detalla dito número, ou ben, presentar unha certificación da imprenta responsable da publicación

#### **Documentación complementaria no Programa IV**

- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco ou certificación da empresa aseguradora que se corresponda co período subvencionado e xustificante de pago.

- Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, e no suposto de ser esixible, o Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento.

**6. Relación clasificada dos gastos subvencionados:** na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, **identificando o correspondente xustificante bancario**, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados. Non son subvencionables os pagos en efectivo.

#### **7. Sinatura dixital do/a representante da entidade**

**2. Anexo IX “Memoria do proxecto subvencionado”,** conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentou a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- En que medida a subvención outorgada contribuíu ao desenvolvemento do evento
- Datas e lugar de celebración
- Antigüidade do evento
- Duración do evento





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Uso do galego
- Para xustificar o **Programa IV** debe presentarse unha relación detallada de cada unha das actividades presentadas no momento da solicitude (Anexo II)
- Calquera outra documentación complementaria
- Reportaxe fotográfica dos eventos celebrados e publicacións editadas con posterioridade a data da convocatoria de estas bases, na que se acredite a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII (“Publicidade corporativa-cartelería”)** desta convocatoria. Así mesmo, de contar con páxina web, a entidade solicitante publicitará ata a finalización do ano 2024 que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos eventos.

**3. Anexo X “Declaración responsable de non dedución do IVE”:** O Imposto sobre o valor engadido (IVE) soamente será subvencionable cando NON sexa susceptible de recuperación ou compensación na Axencia Tributaria. Esta circunstancia farase constar coa presentación deste anexo X, en caso contrario, o cómputo dos gastos xustificativos da subvención outorgada realizaríase unicamente tendo en conta a base impoñible dos xustificantes de ditos gastos (facturas).

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

### DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 15 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

### DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

#### **DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

#### **DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCiónS. RÉXIME DE INFRACCIónS E SANCIONIónS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

### **DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

## **CONVOCATORIA SUBVENCIONES PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

CONVOCATORIA SUBVENCIONES PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

## **PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIONES**

a) Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratégico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **17 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior.
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
  - a) As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:

a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade **para o Programa I e II**, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para os Programas I , II e IV**.

10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

### **TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 17 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios precedoiros (comida, bebida, etc.) .



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

- **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de impresión e distribución de publicacións.
- **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base impositiva + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **100.000,00 euros (cen mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 17 de outubro de 2023 e o 15 de outubro de 2024**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **13.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **12.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

#### **QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa a favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

#### **SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

### SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

#### a) Traxectoria e antigüidade da entidade.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2007	3
Ano 2008 a 2014	2
Ano 2015 a 2021	1
En adiante	0
  
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

#### b) Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:

•

**Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos
  
- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
--------	----------

- |                 |          |
|-----------------|----------|
| 2 días :        | 4 puntos |
| 3 días :        | 6 puntos |
| 4 ou mais días: | 8 puntos |
- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos
 

1 actividade:	2 punto
2 actividades:	1 puntos
3 actividades:	0 puntos
  - Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
 

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos

#### **Programa II: Gastos de organización de xogos populares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
    - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):
 

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores:	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos
    - Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):
 

Máis de 40 edicións:	1 punto
Máis de 45 edicións:	2 puntos
Máis de 50 edicións:	3 puntos
Máis de 55 edicións:	4 puntos
Máis de 60 edicións:	5 puntos
    - Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):
 

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos
    - Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:
 

Máis de 5 entidades:	5 puntos
Máis de 10 entidades:	10 puntos
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
- |      |          |
|------|----------|
| Si:  | 2 puntos |
| Non: | 0 puntos |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 ou mais edicións anteriores:	2 puntos

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Nova publicación:	1 punto
Máis de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos:	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si: 5 puntos  
Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

**Programa IV: Gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual**, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

- Representatividade e área de influencia.- Ata 5 puntos  
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos (*cando a metade ou mais das actividades previstas se realicen en galego*)  
Non: 0 puntos (*cando ningunha das actividades previstas se realicen en galego*)  
Parcial: 1 punto (*cando menos da metade das actividades previstas se realicen en galego*)

**c) Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.-**  
Ata 5 puntos:

De 1 € a 2.000 €:	1 punto
De 2.001 a 3.000 €:	2 puntos
De 3.001 a 4.000 €:	3 puntos
De 4.001 a 5.000 €:	4 puntos
De 5.001 en diante:	5 puntos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da

entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XI**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá e Distritos no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas

### **NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 29 de novembro de 2024.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

**Os/las solicitantes deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.**

**Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente, debe atoparse dentro do período subvencionable.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Non son subvencionables os pagos en efectivo.**

### **DÉCIMA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de --/--/2024, polo que se convocan as SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

### PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (**Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente**), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDO.- OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, **realizadas ou pendentes de levar entre o 17 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024.**

Para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais, con esta convocatoria se pretenden fomentar as seguintes:

- **Programa I:** Gastos correntes derivados de **servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.
- **Programa II:** Gastos correntes derivados da **organización de xogos populares**: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (*cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...*), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran "trofeos" os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .
- **Programa III:** gastos de **deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais** (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de **impresión e distribución de publicacións**.
- **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social (*paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade*).

### TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2024, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

### CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **100.000,00 euros (cen mil euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **30.000,00 euros**.

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **13.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **45.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **12.000,00 €**. O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

### QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### **21(864).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN. Expte. 8654/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/09/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (PPT)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 23 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización (expediente 7645-252).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de maio de 2022 acordou adxudicar a FCC MEDIOAMBIENTE SAU o citado procedemento:

*“Adxudicar a FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) coas seguintes condicións:*

*1.- O prezo total do contrato é de 402.970.748,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.729.622,43 euros co seguinte detalle:*

	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.180.960,38 €	26.346.558,10 €	959.180,21 €	366.241.126,06 €
Importe IVE	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43 €
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	402.970.748,49 €

*2.- Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos residuos da fracción orgánica 70,00%.*

*3.- Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 50,00%.*

*4.- Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 4%.*

*5.- Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.*

*6.- Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP, para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 0,40%.*

*7.- Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo “Papel-Cartón” de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 1,00 euro”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 27 de xuño de 2022 e a execución do contrato iniciouse o 1 de xullo de 2022 e rematará o 31 de decembro de 2031. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**Cuarto.-** En data 28 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-next GenerationEU para os anos 2022 e 2023 (código do procedemento MT975K)".

A participación do Concello de Vigo fíxose en relación ás actuacións recollidas na liña 1ª: "proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaeróbica". O Concello de Vigo por resolución de 13 de xuño de 2022 (publicada no DOGA nº 119 do 22 de xuño de 2022) resultou beneficiario dunha axuda de 587.674,00 € para o ano 2023, polo proxecto de implantación do proceso de recollida separada de biorresiduos a través da adquisición de 800 contedores (2.000 litros de capacidade nominal cada un) para a fracción orgánica (contedor marrón) con pechadura electrónica para apertura con tarxeta, o que determinou a necesidade de modificar o contrato. Esta modificación aprobouse pola XGL o 15 de decembro de 2023 nos seguintes termos:

*1ª.- Corrixir o plan de investimentos do contrato adxudicado reducindo este en 173.177,09€, polo que o total da Amortización máis o Financiamento pasa dos 15.180.960,38€ aos 15.007.783,30€. Todo elo antes da modificación nº 1 do contrato.*

*2ª.- Minorar o prezo do contrato no ano 2023 en 311.454,42€ da parte variable, polo que o prezo do contrato no ano 2023 queda establecido en 37.453.052,50€, antes da modificación. O crédito liberado quedará dispoñible na partida 1622.227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS".*

*3ª.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, que foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, e que consisten en:*

- Modificar o plan de investimentos do contrato incrementando este en 723.267,40€ (sen iva), o que supón un incremento do 4,82% sobre o inicial corrixido. O plan de investimentos modificado resulta en 15.731.057,17€ (sen iva), que serán cofinanciados con 587.674,00 € polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU-, figurando o devandito Plan dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento 13: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*

*4ª.- Establecer como novo prezo do contrato modificado nº 1 o de*

403.575.854,95€, dos que 323.754.427,36€ corresponden á parte fixa, 15.731.057,17€ corresponden á amortización máis financiamento, 26.346.558,10€ á parte variable, 959.180,21€ ao incentivo, 36.583.204,26€ ao IVE do 10% e 201.427,85€ ao IVE do 21%, coa seguinte distribución de anualidades (taboa IV-8):

ANO	IMPORTE TOTAL CONTRATO MODIFICADO S/IVE	TOTAL IVE	Total con IVE CONTRATO MODIFICADO
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	35.076.059,55 €	3.517.071,69 €	38.593.131,24 €
2024	35.542.422,16 €	3.564.296,40 €	39.106.718,56 €
2025	37.999.150,57 €	3.810.283,34 €	41.809.433,91 €
2026	38.699.101,00 €	3.880.761,14 €	42.579.862,14 €
2027	39.288.913,43 €	3.939.924,84 €	43.228.838,27 €
2028	39.891.684,70 €	4.000.242,54 €	43.891.927,24 €
2029	40.503.376,31 €	4.061.965,39 €	44.565.341,70 €
2030	41.125.109,28 €	4.124.156,59 €	45.249.265,87 €
2031	41.782.758,80 €	4.190.503,82 €	45.973.262,62 €
	366.791.222,84 €	36.784.632,11 €	403.575.854,95 €

5º.- Xerar crédito polo importe da subvención concedida (587.674,00€) na aplicación orzamentaria 1622..227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS" do vixente orzamento municipal.

6º.- Financiar o contrato modificado con cargo ao crédito dispoñible na partida 1622..227.99.01 "XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS" do vixente e futuros orzamentos municipais. O contrato modificado ten as seguintes necesidades de financiamento:

	Credito do contrato adxudicado	Necesidades de crédito para o Modificado nº1	Diferenza co contrato adxudicado:
2023	37.764.506,92 €	38.593.131,24 €	+ 828.624,32 €
2024	39.134.658,30 €	39.106.718,56 €	-27.939,74 €
2025	41.837.373,65 €	41.809.433,91 €	-27.939,74 €
2026	42.607.801,87 €	42.579.862,14 €	-27.939,73 €
2027	43.256.778,00 €	43.228.838,27 €	-27.939,73 €
2028	43.919.866,98 €	43.891.927,24 €	-27.939,74 €
2029	44.593.281,44 €	44.565.341,70 €	-27.939,74 €
2030	45.277.205,60 €	45.249.265,87 €	-27.939,73 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

2031	46.001.202,36 €	45.973.262,62 €	-27.939,74 €
------	-----------------	-----------------	--------------

*Para o ano 2023, a diferenza de 828.624,32 € por riba do crédito autorizado no contrato actual, sufragarase co crédito xerado na partida pola concesión da subvención (587.674,00€) máis o crédito minorado da parte variable do contrato actual deste ano (311.454,42€).*

*7º.- Impoñer como obrigas do contratista as seguintes:*

- 1. Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- 2. Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- 3. Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- 4. Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- 5. Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- 6. Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.*
- 7. Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*

8. *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
9. *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control. Facilitar a recolla de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos, tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización e facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 188, en relación coa medida C12.I3, no anexo da proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final].*
10. *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
11. *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
12. *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e de conformidade co establecido no anexo IV das bases reguladoras desta achega.*
13. *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*

8º.- *Impoñer como obrigas do responsable municipal do contrato as seguintes:*

1. *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

- 2. Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

*9º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*10º.- Notificar este acordo a FCC MEDIOAMBIENTE SAU e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea".*

Esta modificación formalizouse en data 28 de decembro e foi publicada no DOUE o 20 de febreiro de 2024.

**Quinto.-** A Orde do 1 de xuño de 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, publicada no DOG de 4 de xuño do 2023, establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P)".

**Sexto.-** En data 27 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola Orde do 1 de xuño de 2023 referida no antecedente anterior (acordo rectificado o 10 de novembro do 2023 por conter erros materiais), en relación ás actuacións recollidas na liña 1ª "proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaeróbica" e na liña 2ª " proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ), acordando a presentación do "proxecto de

separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica in situ”.

**Sétimo.-** Conforme á resolución do 21 de febreiro de 2024 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, publicada no DOG do 1 de marzo de 2024, o Concello de Vigo resultou beneficiario dunha axuda de 1.772.268,36 € pola Liña 1ª e de 504.900,00 € pola Liña 2ª.

**Oitavo.-** En data 14 de agosto de 2024 o xefe de Limpeza, coa conformidade do concelleiro delegado da área de goberno de Fomento e Servizos, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da concesión da citada axuda e para incrementar o servizo de limpeza de praias e o incremento dos traballos de limpeza e recollida de residuos nas infraestruturas viarias denominadas “Vigo Vertical”.

**Noveno.-** Con data 14 de agosto de 2024 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

**Décimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de data 14 de agosto de 2024.

**Undécimo.-** Con data 26 de agosto de 2024, o xefe de Limpeza emite novo informe que modifica o de data 14 de agosto de 2024, dando novo prazo de audiencia ao contratista.

**Duodécimo.-** Evacuado o novo trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de data 27 de agosto de 2024.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Legislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

Neste marco, o servizo xestor emite informe o 26 de agosto de 2024 no que solicita a modificación do contrato en base as seguintes necesidades identificadas:

"1ª necesidade que xustifica a modificación do contrato relacionado coa condición de beneficiario do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal (orde do 1 de xuño de 2023) referida nos antecedentes 9 e 11 deste informe.

*O Concello de Vigo ten adxudicado á empresa FCC MEDIOAMBIENTES S.A.U o expediente 7645/252, por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/05/2022, dos SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR, no que o obxecto do contrato é a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais do Concello de Vigo de xeito que se facilite a súa valorización incluído a xestión de todos os residuos, tanto os contenerizados como os non contenerizados, e especificamente a xestión da fracción dos residuos orgánicos ou biorresiduos da que trata a convocatoria de axudas referida no antecedente 9 deste informe.*

*Para a xestión dos residuos orgánicos, inclúense no contrato procesos de implantación, renovación, reparación e lavado dos recipientes (contedores e cubos). Inclúense procesos de recollida mecanizada mediante vehículos compactadores e outros de caixa aberta sen compactación. Inclúense procesos de*

transporte a xestor ou planta autorizada para o tratamento final. Está incluída tamén a xestión domiciliaria dos biorresiduos mediante composteiros individuais pero non se inclúe adquirir os recipientes. Está incluída a xestión dos restos de poda pero non a recollida destes mediante ningún tipo de recipiente ou saco.

Como se indicou, dentro do obxecto do contrato está a xestión dos biorresiduos recollidos con contedores e tamén os non contenerizados, os residuos forestais domiciliarios e os biorresiduos procedentes do desbroce de viais. Para a xestión dos residuos non contenerizados empréganse procedementos de recollida a demanda como o “porta a porta” e o “punto limpo”, e procesos de recollida en masa mediante procedementos manuais ou mecánicos de varrido e baldeo, e de rozado no caso dos residuos silvícolas. Está tamén contemplado no contrato un servizo específico de recollida domiciliaria a demanda de biorresiduos procedentes de podas de xardín, que se solicita a través dunha chamada telefónica. Este servizo pódese mellorar mediante a entrega de sacas reutilizables de gran tamaño o que fará que os residuos non permanezan abandonados na vía pública ata a súa recollida, senón que se manteñan xuntos dentro dun recipiente flexible evitando danos aos transeúntes. Esta é unha mellora tecnolóxica para o contrato que foi incluída no proxecto subvencionado.

O proxecto presentado á convocatoria e polo que o Concello de Vigo resultou beneficiario, **mellora aspectos contemplados no contrato** como a recollida separada da fracción orgánica, **incrementa outros servizos que o actual contrato non contempla** como é a recollida separada de biorresiduos mediante sacas reutilizables de gran tamaño con dous novos vehículos de baixas emisións para recollelas, e **dota de composteiros individuais con kit ás vivendas** que así o requiran. As sacas serán entregadas pola empresa ao solicitante no seu domicilio, enchidas por este cos restos vexetais xerados, e recollidas novamente pola empresa con dous novos vehículos recolectores eléctricos que se adquirirán ao efecto (non contemplados no contrato actual) e financiados coa achega da subvención. Os composteiros individuais serán entregados pola empresa xunto cun kit de compostaxe para unha correcta utilización cuxa adquisición tampouco estaba incluída no contrato.

Ademais do anterior, e para acadar os obxectivos e metas orientadas pola Axenda 2030, incluíuse no proxecto presentado á convocatoria e polo tanto está recollido na subvención concedida, o deseño e execución de importantes campañas de concienciación e información cidadá, co obxectivo de mellorar a recollida selectiva dos residuos da fracción orgánica. As campañas de información tamén forman parte do obxecto do actual contrato, pero co proxecto subvencionado se incrementa o seu alcance.

Dito todo o anterior, **constitúe polo tanto o 1º aspecto que xustifica a necesidade da segunda modificación do contrato, compatibilizar este coa execución das obrigas derivadas da concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia** para o financiamento de actuacións en materia de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea-next Generation EU, polo importe de 177.226,84€ na liña 1 e 57.780,00€ na liña 2 para o ano 2023, e 1.595.041,52€ na liña 1 e 447.120,00€ na liña 2 para o ano 2024.*

*Tal como se xustificou na solicitude da subvención (Exp. 8504-252), as actuacións atópanse vinculadas ao vixente contrato dos “Servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do Marco Europeo da Estratexia da Economía Circular (exp. 7645-252)”. Os investimentos para a adquisición dos dous vehículos de baixas emisións e a adquisición dos contedores para recollida de biorresiduos en vía pública fan necesario compatibilizar o PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato con esta subvención. Require a modificación do contrato para, por unha banda, adiantar o pago da totalidade do importe dos 615 contedores e por outra adquirir os novos vehículos. Ambas accións teñen unha incidencia directa na execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que debe ser revisada.*

*A modificación que precisa o PLAN DE INVESTIMENTOS se contempla e queda amparada polo apartado 15.C f) das FEC do PCAP reitor do contrato, referido nos antecedentes deste informe. Este apartado de forma específica indica:*

*“No caso de ser beneficiaria do proxecto subvencionado, o Concello de Vigo deberá aprobar a conformidade de execución, a cal debe de recoller os axustes económicos que provocará o proxecto da subvención no modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que se regula no marco deste contrato. Dado que calquera proxecto presentado terá unha incidencia económica positiva para o contrato, e que na maioría de casos afectará as obrigas de investimento do adxudicatario, polo cal se entende que dita subvención, levará implícito unha mellora na economía do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato e deberase proceder ao axuste necesario. Este poderá aplicarse a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota que revertan no Concello ou de mellora nas instalacións de titularidade municipais postos a disposición do contratista, ou de ser o caso, na minoración dos custes económicos do citado PLAN DE INVESTIMENTOS.”*

*A modificación que precisa o contrato debido á mellora que supón recoller os restos de poda mediante sacas reutilizables e vehículos de baixas emisións, a entrega de composteiros individuais e as campañas de información e sensibilización, está amparada no apartado 15) das FEC, na que sobre as circunstancias que determinan a modificación, o epígrafe e) indica:*

*“Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis*

sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.”

2ª necesidade que xustifica a modificación do contrato relacionado cos traballos de limpeza e recolección de residuos dispersos nas infraestruturas viarias denominadas “Vigo vertical”.

O contrato coa empresa FCC MEDIOAMBIENTES S.A.U dos SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR, inclúe a recollida de residuos dispersos e a limpeza da infraestrutura viaria da cidade. Incrementando a infraestrutura viaria da cidade están os novos elementos do “Vigo vertical” que son ramplas e escaleiras mecánicas, ascensores, elevadores e pasarelas, xunto coas estruturas acristaladas que os cubren e protexen.

O título IV do PPTP trata sobre servizos de recolección de residuos dispersos e non contenerizados entre os que se inclúen os procedementos de limpeza viaria (varrido e baldeo). O capítulo 15 trata dos servizos especiais de recolección de residuos no que se integran a eliminación de pintadas, limpeza de manchas e outros traballos de similar natureza. Estes servizos son os necesarios para a limpeza das infraestruturas viarias do Vigo vertical que non estaban en servizo ao inicio do contrato ou ben se atendían con contratos de mantemento electromecánico que agora están extintos. Procede indicar que os procedementos de limpeza que se deben empregar para tratar estes elementos así como o manexo da propia maquinaria, adáptanse máis ao traballo e a cualificación profesional dos empregados do contrato de xestión de residuos que a un contrato de mantemento electromecánico. A atención dispensada dende o contrato de xestión de residuos pode ser diaria dado que o propio persoal de limpeza da vía pública pasa diariamente por estes elementos, e no caso de estar incluídos no propio contrato xa serían atendidos en primeira instancia sen necesidade de desprazar outro medios.

A incorporación destes novos elementos así como as pasarelas do ascensor “HALO” que unen o desembarco dos ascensores na parte alta coa nova praza do centro “vialia” (esta praza non se inclúe na modificación), obrigan a modificar o contrato para atender a limpeza destes elementos con medios máis sostibles medioambientalmente e que fomenten a transición enerxética. Proponse empregar medios específicos que sexan totalmente eléctricos como fregadoras de pavimentos, aspiradores, etc., e adaptados ás características do “Vigo Vertical”.

**O inventario dos elementos incluídos no epígrafe “Vigo Vertical” nos que é necesario aplicar tratamentos especiais de limpeza é:**

<b>ID</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>DIRECCIÓN</b>
501	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 1	rúa 2ª república
502	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 2	rúa 2ª república

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1767/1102

503	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 3	rúa 2ª república
504	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 4	rúa 2ª república
505	Escaleras mecánicas CC Pizarro	Pizarro 24
506	Escaleras mecánicas Praza de Portugal	Uruguay 12
507	Escaleras mecánicas Rúa Talude-Colexio Mariano	Urzaiz 124

**RAMPAS MECÁNICAS E PASARELAS**

602	PAS 02- Gran Vía de María Berdiales a braille	Gran Via
603	PAS 03- Gran Viá de Braile a ONCE	Gran Via
604	PAS 04- Gran Viá de Sede ONCE a Ecuador	Gran Via
605	PAS 05- Gran Viá de Ecuador a Gran Via 24	Gran Via
606	PAS 06- Gran Viá de Gran Via 24 a Gran Via 30 Pantalla información	Gran Via
607	PAS 07- Gran Viá de Gran Via 30 a Venezuela	Gran Via
608	PAS 08 -Humanización Gran Vía, entre Venezuela E Nicaragua (C/ Venezuela-C/Bolivia)	Gran Via
609	PAS 09-Humanización Gran Vía, entre Venezuela E Nicaragua (c/Bolivia-c/Nicaragua)	Gran Via
620	Centro Saúde Teis	Angela Iglesias Rebollar
630	Centro de salud lavadores andén: Nº1	Travesía Barreiro
631	Centro de salud lavadores andén: Nº2	Travesía Barreiro
632	Centro de salud lavadores rampa: Nº3	Travesía Barreiro
640	Vigo Vertical, Corredor Mecánico entre Travesía Aragón Tramo Alto	Aragón 209
650	Porta do Sol - Rúa Carral	Rua Carral 4
660	Escultor Gregorio Fernández	Escultor Gregorio Fernández
661	Escultor Gregorio Fernández	Escultor Gregorio Fernández
662	Escultor Gregorio Fernández	Escultor Gregorio Fernández
663	Escultor Gregorio Fernández	Escultor Gregorio Fernández
664	Escultor Gregorio Fernández	Escultor Gregorio Fernández
670	Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto	Baixada O Capitan

### **ASCENSORES E ELEVADORES**

700	Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez	Menendez Pelayo 7
701	Ascensor CC Pizarro	Pizarro 16
702	Ascensor de Marqués de Valterra	Marques Valterra 13
703	Ascensor San Salvador	San Salvador 10
704	Ascensor parque Camilo Jose Cela	Torrecedeira 63
705	Praza estación-Urzaiz	Urzaiz 76
706	Ascensor Juan Ramón Jiménez entre C/ Marqués de Valterra y C/Torrecedeira	Torrecedeira 52
707	Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez , entre Camelias e Hispanidade. (clínica Pintado)	igual no se hace
708	Ascensor entre Avenida Hispanidade y Rúa de Romil	Romil 75
709	Travesía de Vigo - Aragón (Zona igrexa)	Travesía de Vigo 160
710	HALO:Serafín Avendaño - VIALIA-1	Serafín Avendaño 20
711	HALO:Serafín Avendaño - VIALIA-2	Serafín Avendaño 20

*Estas infraestruturas forman parte do viario da cidade e polo tanto están incluídas no obxecto do contrato de xestión de residuos. Porén, polas súas especiais características, é necesario aplicar tratamentos de limpeza diferentes e complementarios aos aplicados nos pavimentos ordinarios das beirarrúas. É necesario aplicar modernas técnicas para estas limpeza que permite o progreso da técnica e que melloran aspectos relacionados coa xestión dos residuos. O persoal máis cualificado para aplicar estes tratamentos é o do contrato que agora se modifica.*

*A modificación do contrato neste caso queda amparada polo apartado 15. C a) das FEC que expón como circunstancias que determinan a modificación que :*

*“O incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP cando a suma delas dende o inicio do contrato supoñan un incremento superior ao 6 % das zoas de actuación incluídas”.*

*Neste caso, para recolectar os residuos das escaleiras e ramplas mecánicas, é necesario adquirir unha máquina especial que penetra nas acanaladuras destes elementos. É necesario tamén adquirir unha fregadora de pavimentos para a limpeza da pasarela que conecta o ascensor HALO coa praza da estación Vialia. É necesario adquirir unha aspiradora de mochila para retirar os residuos que quedan*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*nos intersticios e espazos de reducidas dimensións entre os elementos e as estruturas que os protexen. É necesario adquirir un furgón dotado de rampla traseira, de motorización de gas natural comprimido de baixas emisións contaminantes, para desprazar todo este material e ao persoal aos distintos puntos de atención relacionados no inventario anterior. Estas adquisicións implican a modificación do PLAN DE INVESTIMENTOS DO CONTRATO.*

*A modificación do contrato tamén afectará ao persoal e aos gastos de explotación que son necesarios para a prestación e que están incluídos nos custes da parte fixa do contrato.*

*3ª necesidade que xustifica a modificación do contrato relacionado co servizo de limpeza de praias durante os días de semana non festivos no verán e semana santa.*

*O contrato coa empresa FCC MEDIOAMBIENTES S.A.U (expediente 7645/252), dos SERVIZOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR, inclúe no obxecto do contrato a recollida de residuos dispersos nas praias da cidade. O capítulo 16 do PPTP sobre recolección de residuos en praias indica que os traballos a realizar nos areas e zonas de baño restrínxense exclusivamente ao espazo non cuberto polo mar, quedando excluída expresamente a lámina de auga e o fondo mariño. Inclúese a limpeza intensiva e especial con máquina manual para limpeza de praias, naquelas autorizadas para cans.*

*O servizo ordinario en praias préstase polo adxudicatario entre o 1 de xuño e o 15 de setembro ambos os dous incluídos. Os traballos realízanse todos os sábados, domingos e festivos deste período e tamén os festivos e o fin de semana de Semana Santa (xoves santo, venres santo, sábado e domingo de resurrección). Para realizar o servizo ordinario considérase suficiente unha dotación de 15 traballadores incluíndo os oficiais condutores.*

*Por razóns de interese público é necesario que a limpeza de todas as praias incluídas no obxecto do contrato se realice todos os días da semana no período no que son utilizadas como espazo de lecer pola veciñanza (2 de maio a 30 de setembro máis a semana santa). O interese público radica na necesidade de limpeza diaria dos areas, imprescindible para manter neles as condicións de hixiene e salubridade, durante todo o período estival no que son utilizados polos cidadáns como espazos de lecer.*

*Este requirimento implica a **modificación non prevista do contrato polas razóns de interese xeral** indicadas no parágrafo anterior. Esta modificación por **prestacións adicionais** e posible conforme ao indicado no artigo 205.1 da LCSP. A modificación implica engadir servizos adicionais aos inicialmente contratados*

*(engádese a limpeza de luns a venres e amplíase o servizo do 2 de maio ao 30 de setembro), e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria (artigo 205.1.b).*

*A modificación xustifícase pola causa obxectiva de que é necesario engadir o servizo adicional de limpeza de praias durante os días de semana e ampliar o período do 2 ao 31 de maio e do 16 ao 30 de setembro, ao inicialmente previsto de limpeza de praias en fins de semana do 1 de xuño ao 15 de setembro (artigo 205.2.a). Xustifícase na imposibilidade de atender o servizo de limpeza de praias de luns a venres non festivos co persoal propio do Concello de Vigo. Esta limpeza, na data de licitación do contrato, realizábase con persoal municipal, incluso no período do 2 de maio ao 30 de setembro. O Concello de Vigo contrataba persoal eventual interino por acumulación de tarefas que coas novas disposicións legais en materia de emprego, xa non é posible este tipo de contratacións, polo que o servizo quedará desatendido a partir do ano 2025.*

*O cambio de contratista non é posible por razóns económicas dado que suporía un incremento substancial de custe para o Concello de Vigo. A modificación non implica investimento en medios materiais dado que estes xa existen no contrato, que son os destinados a estas tarefas os fins de semana e festivos. A modificación do contrato afectará ao persoal e aos gastos de explotación que son necesarios para a prestación e que se inclúen nos custes da parte fixa do contrato. O cambio de contratista suporía a adquisición dos medios materiais para limpeza de praias con incremento de custe en investimentos que isto supón (artigo 205.2.a.1º).*

*A modificación do contrato por este concepto implica unha alteración na contía de 3.924.928,81 € sen IVE tal como se expón no apartado de valoración económica deste informe. Toda vez que o prezo inicial sen IVE do contrato é de 366.241.126,06 €, conclúese que se cumpre o establecido no artigo 205.2.a.2º de que a modificación non excede do 50% do prezo inicial do contrato sen iva.*

*A prestación adicional pola que se modifica o contrato é a de limpeza de praias en días de semana non festivos do 2 de maio ao 30 de setembro. Esta variación do contrato é a estritamente necesaria para manter nas praias as condicións de hixiene e salubridade, no período estival no que son utilizados polos cidadáns como espazos de lecer. Nótese que non se incrementa o servizo par todo o ano, senón no período estritamente indispensable, polo que se limita a introducir a variación estritamente indispensable para responder á necesidade de interese xeral descrita.”*

En base ao anterior informe, compre analizar as modificacións solicitadas de xeito separado: por un lado, as modificacións previstas no PCAP e, por outro, as non previstas (artigo 205 LCSP).

## **1.- MODIFICACIÓNS PREVISTAS NO PCAP (Apartado 15 do Anexo I (FEC))**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato (apartado 15.C da FEC) se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) O incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP cando a suma delas dende o inicio do contrato supoñan un incremento superior ao 6 % das zoas de actuación incluídas
- b) O incremento sobre o límite do 12% da cantidade global de residuos recollidos na cidade sobre a referencia indicado na cláusula 3.2 do PPTP.
- c) As obrigas impostas pola lexislación sectorial sobre os procesos da recollida selectiva das distintas fraccións de residuos que modifiquen os condicionantes económicos cos cales se determinan os custes da xestión e tratamento sobre as mesmas no presente contrato (prezos unitarios) así como calquera outras novas obrigas que deriven dunha eventual modificación ou revisión do regulamento do servizo.
- d) Causas de optimización do servizo cando o Concello de Vigo asine un convenio ou outra modalidade de negocio xurídico con algunha entidade pública ou privada, para a xestión de certos residuos que están dentro do obxecto deste contrato
- e) Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos ou coa xestión da información relacionada con estas prestacións. Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.
- f) En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos.

O modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS poderá ser revisado polo Concello de Vigo co obxecto do desenvolvemento de calquera proxecto de solicitude de achegas que posibiliten a realización de melloras no ámbito deste contrato. Sobre todo aquelas que posibiliten actuacións

referentes ás obrigas derivadas da transición enerxética e a mellora da sustentabilidade ambiental neste sector.

En relación ás necesidades propostas no PLAN DE INVESTIMENTOS, o Concello de Vigo poderá propoñer unha compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas, tanto no caso de que o beneficiario sexa unha entidade pública como cando o beneficiario sexan entidades privadas, que poidan ser de aplicación a estes investimentos. A empresa queda obrigada a prestar a colaboración que se lle require neste documento. Así, se durante o período de execución do presente contrato existise a posibilidade de acudir a convocatorias de subvención, tanto no ámbito da Unión Europea como de outras administracións no Estado Español, o modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS proposto polo adxudicatario poderá ser modificado polo Concello de Vigo dentro dos límites que estableza o PCAP, pero sen minorar en ningún caso o importe comprometido pola empresa.

As modificacións que introduza o Concello de Vigo versarán sempre sobre aspectos que incidan na mellora tecnolóxica dos medios a incorporar ou dos equipamentos e infraestruturas adscritas (inmobles, estación de recarga de combustible gaseoso, instalacións de captación solar, instalacións de tratamento de auga para baldeo, etc). As modificacións estará relacionadas coas obrigas impostas pola transición enerxética, obrigas derivadas da mellora da sustentabilidade ambiental, coa diminución da pegada de carbono, ou calquera outra mellora que redunde nun beneficio para a prestación do contrato sempre mellorando a proposta da empresa na súa oferta e conforme aos intereses municipais.

Á vista desta condición poderán determinarse dúas opcións:

1.- Convocatorias de axudas económicas destinadas directamente á mercantil xestora das prestacións obxecto deste contrato (beneficiario privado):

De existir unha convocatoria de axudas cuxo beneficiario sexan entidades privadas, e cun obxecto compatible coas obrigas da adxudicataria do contrato, deberase atender aos seguintes criterios:

a. A mercantil adxudicataria deberá informar ao Concello de Vigo, e este autorizalo para presentarse á devandita convocatoria. No informe indicará o obxecto da mesma, as condicións e o alcance tanto técnico como económico da devandita convocatoria, así como a incidencia económica sobre o contrato.

b. De ser autorizado polo Concello de Vigo, a mercantil deberá desenvolver o proxecto e presentalo, asumindo baixo a súa responsabilidade os custos de preparación e presentación.

c. No caso de ser beneficiaria do proxecto subvencionado, o Concello de Vigo deberá aprobar a conformidade de execución, a cal debe de recoller os axustes económicos que provocará o proxecto da subvención no modelo de execución económica do PLAN DE INVESTIMENTOS que se regula no marco deste contrato. Dado que calquera proxecto presentado terá unha incidencia económica positiva para o contrato, e que na maioría de casos afectará as



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

obrigas de investimento do adxudicatario, polo cal se entende que dita subvención, levará implícito unha mellora na economía do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato e deberase proceder ao axuste necesario. Este poderá aplicarse a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota que revertan no Concello ou de mellora nas instalacións de titularidade municipais postos a disposición do contratista, ou de ser o caso, na minoración dos custos económicos do citado PLAN DE INVESTIMENTOS.

### 2.- Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público).

De existir unha convocatoria de axudas cuxo beneficiario sexa unha entidade pública, cun obxecto compatible coas obrigas vinculadas as prestacións obxecto deste contrato, deberase atender aos seguintes criterios:

a. O Concello de Vigo será o responsable de presentar a proposta de participación na convocatoria de axudas. No estudo previo que se realice, indicárase o obxecto da mesma, as condicións e o alcance tanto técnico como económico da devandita convocatoria, así como a incidencia económica na execución do PLAN DE INVESTIMENTOS.

b. Será obrigación da mercantil adxudicataria colaborar no ámbito técnico do proxecto, facilitándolle ao Concello de Vigo toda a información necesaria para a definición do proxecto, memoria e toda a documentación obrigatoria para a participación na convocatoria, nas partes que o obxecto do proxecto estea directamente relacionado coas actuacións e obrigacións que deba de executar como adxudicatario.

c. Cando a convocatoria das axudas cofinancien unha parte do proxecto, a achega obrigada como administración local poderá vincularse aos créditos que determinan o PLAN DE INVESTIMENTOS da oferta do adxudicatario. De ser necesario, tanto pola oportunidade económica e de interese xeral para o Concello, poderá propoñerse unha modificación do PLAN DE INVESTIMENTOS, incrementando o mesmo ata un máximo do 20 %, para o cal deberá procederse a súa tramitación e aprobación polo órgano de contratación. En ningún caso poderán utilizarse créditos comprometidos pola empresa para a adquisición de medios que xa foron aprobados polo responsable municipal do contrato.

d. O Concello de Vigo aprobará a presentación do proxecto.

e. De ser concedida a subvención solicitada, O concello de Vigo procederá ao seu desenvolvemento, e a mercantil concesionaria actuará como asistencia técnica nos procesos necesarios para a execución do proxecto.

f. Unha vez executado, todos os investimentos realizados que se atopen directamente relacionadas co obxecto do contrato reverterán no mesmo, e deberase procederse ao correspondente axuste económico da prestación en

base á afección que se produza. Esta proposta sempre estará supeditada a unha mellora dos condicionantes da renovación de flota ou instalacións que revertan no Concello.

Polo anterior outras circunstancias que determinan a modificación do contrato serán as variacións necesarias en relación ao PLAN DE INVESTIMENTOS presentado pola empresa, cando as mesmas se atopen incluídas en solicitudes de proxectos de subvencións outorgadas por axentes externos ao Concello de Vigo que posibiliten unha mellora da eficiencia medioambiental ou técnica dos medios a empregar para o cumprimento do obxecto do contrato.

Se concorrese algunha das citadas circunstancias, se sinalan como aspectos a modificar (apartado 15.B da FEC):

- a) Importe dos custes da parte fixa do contrato.
- b) Importe dos custes da parte variable do contrato.
- c) Importe do PLAN DE INVESTIMENTOS presentado na oferta.

Se establecen como límites da modificación (apartado 15.D da FEC):

- Para as posibles modificacións do importe dos custes da parte fixa e variable do contrato non poderá superar o límite do 5 % do importe do contrato para estes conceptos.
- Para as posibles modificación do importe do PLAN DE INVESTIMENTOS, non se poderá superar o límite do 20 % do total do PLAN DE INVESTIMENTOS previsto no presente contrato.

No seu informe, o servizo xestor apunta o seguinte:

#### **"II.B.- PRESTACIÓNS A MODIFICAR NO CONTRATO PARA ATENDER AS NECESIDADES DESCRITAS**

*Á vista das necesidades descritas nas que se xustifica o interese xeral desta administración municipal para a modificación do contrato, procede a segunda modificación do contrato para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo, co seguinte alcance:*

#### **1º Recollida separada da materia orgánica mediante contedores na vía pública, recollida porta a porta para grandes produtores, e de xestión de biorresiduos mediante a compostaxe doméstica**

*O obxecto do contrato inclúe a xestión domiciliar dos biorresiduos mediante composteiros individuais. Para a recollida contenerizada de residuos está incluída a adquisición de contedores para a fracción orgánica, dotados de pechadura electrónica. Tamén está incluída a dotación de contedores máis pequenos para recollida a grandes produtores co sistema porta a porta. Parte destes elementos serán financiados coa axuda concedida. Está incluído tamén no contrato a realización de campañas de información e concienciación para mellorar os índices destas recollidas.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*A modificación do contrato inclúe o pago anticipado de 615 unidades de contedor con pechadura electrónica para recollida da fracción orgánica. Tamén inclúe o deseño e execución de campañas de información e concienciación, orientadas tanto a domicilios particulares como a grandes produtores, para mellorar o índice de recollida destes residuos. Coas campañas entregarase material promocional como cubos e bolsas compostables, kits de compostaxe, manuais, etc.*

*A modificación é necesaria por ser o Concello de Vigo beneficiario da axuda concedida pola Xunta de Galicia na convocatoria regulada pola ORDE do 1 de xuño de 2023. Afecta esta á parte fixa do prezo do contrato exclusivamente no ano 2024, e ao Plan de investimentos do contrato.*

*A modificación referida ven motivada polas causas citadas no apartado 15.C.f.2 “compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas que poidan ser de aplicación a estes investimentos (...) Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público)”.*

### **2º.- Recollida domiciliaria a demanda de biorresiduos procedentes de restos de podas de xardín**

*O obxecto do contrato inclúe a xestión da fracción orgánica dos residuos ou biorresiduos recollidos a demanda procedentes de podas de xardín e depositados na vía pública.*

*Existe unha mellora tecnolóxica para este servizo mediante o emprego de sacas reutilizables de gran tamaño, que logo se recollerían con vehículos totalmente eléctricos. Esta mellora tecnolóxica evita o depósito incontrolado destes residuos na vía pública, ademais de reducir as emisións de gases á atmosfera.*

*A modificación do contrato inclúe a adquisición de dous novos camións totalmente eléctricos, a adquisición de 700 sacas reutilizables de gran tamaño e a prestación deste servizo durante o resto dos anos que faltan na execución do contrato.*

*A modificación é necesaria por ser o Concello de Vigo beneficiario da axuda concedida pola Xunta de Galicia na convocatoria regulada pola ORDE do 1 de xuño de 2023. Afecta esta á parte fixa do prezo do contrato tanto no ano 2024 como nos sucesivos ata a súa conclusión, e ao Plan de investimentos do contrato.*

*A modificación referida ven motivada polas causas citadas nos apartados 15.C.e “Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos (...) Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.”, e 15.C.f.2 “compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas que poidan ser de aplicación a estes investimentos (...) Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o*

Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público)”.  
**3º Recolección de residuos dispersos en non contenerizados, limpeza viaria e servizos especiais de limpeza de manchas**

A modificación do contrato inclúe a ampliación desta prestación ás novas infraestruturas viarias do “Vigo Vertical”. Afecta á parte fixa do prezo do contrato a partir do ano 2025 e ata a fin deste, así como ao plan de investimentos. Ven motivada polas causas de incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP (apartado 15.C.a das FEC).

Os elementos incluídos no epígrafe “Vigo Vertical” que se incrementan son:

<b>ID</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>DIRECCIÓN</b>
501	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 1	rúa 2ª república
502	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 2	rúa 2ª república
503	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 3	rúa 2ª república
504	Escaleras mecánicas Abeleira Menéndez tramo 4	rúa 2ª república
505	Escaleras mecánicas CC Pizarro	Pizarro 24
506	Escaleras mecánicas Praza de Portugal	Uruguay 12
507	Escaleras mecánicas Rúa Talude-Colexio Mariano	Urzaiz 124

#### **RAMPAS MECÁNICAS E PASARELAS**

602	PAS 02- Gran Vía de María Berdiales a braille	Gran Vía
603	PAS 03- Gran Viá de Braille a ONCE	Gran Vía
604	PAS 04- Gran Viá de Sede ONCE a Eudor	Gran Vía
605	PAS 05- Gran Viá de Ecuador a Gran Vía 24	Gran Vía
606	PAS 06- Gran Viá de Gran Vía 24 a Gran Vía 30 Pantalla información	Gran Vía
607	PAS 07- Gran Viá de Gran Vía 30 a Venezuela	Gran Vía
608	PAS 08 -Humanización Gran Vía, entre Venezuela E Nicaragua (C/ Venezuela-C/Bolivia)	Gran Vía
609	PAS 09-Humanización Gran Vía, entre Venezuela E Nicaragua (c/Bolivia-c/Nicaragua)	Gran Vía
620	Centro Saúde Teis	Angela Iglesias Rebollar
630	Centro de salud lavadores andén: Nº1	Travesía Barreiro
631	Centro de salud lavadores andén: Nº2	Travesía Barreiro
632	Centro de salud lavadores rampa: Nº3	Travesía Barreiro





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

640	<i>Vigo Vertical, Corredor Mecánico entre Travesía Aragón Tramo Alto</i>	<i>Aragón 209</i>
650	<i>Porta do Sol - Rúa Carral</i>	<i>Rua Carral 4</i>
660	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>
661	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>
662	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>
663	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>
664	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>	<i>Escultor Gregorio Fernández</i>
670	<i>Acceso mecánico Colegio Losada A Ramón Nieto</i>	<i>Baixada O Capitan</i>

### **ASCENSORES E ELEVADORES**

700	<i>Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez</i>	<i>Menendez Pelayo 7</i>
701	<i>Ascensor CC Pizarro</i>	<i>Pizarro 16</i>
702	<i>Ascensor de Marqués de Valterra</i>	<i>Marques Valterra 13</i>
703	<i>Ascensor San Salvador</i>	<i>San Salvador 10</i>
704	<i>Ascensor parque Camilo Jose Cela</i>	<i>Torrecedeira 63</i>
705	<i>Praza estación-Urzaiz</i>	<i>Urzaiz 76</i>
706	<i>Ascensor Juan Ramón Jiménez entre C/ Marqués de Valterra y C/Torrecedeira</i>	<i>Torrecedeira 52</i>
707	<i>Ascensor Inclinado Juan Ramón Jiménez , entre Camelias e Hispanidade. (clínica Pintado)</i>	<i>igual no se hace</i>
708	<i>Ascensor entre Avenida Hispanidade y Rúa de Romil</i>	<i>Romil 75</i>
709	<i>Travesía de Vigo - Aragón (Zona igrexa)</i>	<i>Travesía de Vigo 160</i>
710	<i>HALO:Serafín Avendaño - VIALIA-1</i>	<i>Serafín Avendaño 20</i>
711	<i>HALO:Serafín Avendaño - VIALIA-2</i>	<i>Serafín Avendaño 20</i>

*As infraestruturas viarias incluídas no epígrafe do “Vigo Vertical” foron entrando en servizo na cidade a medida que se construíron. Na fase de elaboración da do-*

*cumentación técnica do contrato de xestión de residuos apenas estaban operativas algunhas como as de Abelaira Menéndez ou a Praza de Portugal. Nese momento os traballos de limpeza realizábanse dun xeito deficiente polo persoal de mantemento electromecánico. Pero tanto o incremento no número das unidades que se puxeron en servizo, como a tipoloxía dos procedementos de limpeza e recollida de residuos que se deben empregar, recomendan incluír estas infraestruturas na limpeza do viario da cidade, adquirindo maquinaria de última xeración que sexa específica e adaptada ás súas necesidades.*

*Procede indicar que os procedementos de limpeza que se deben empregar para tratar estes elementos así como o manexo da propia maquinaria, adáptanse máis ao traballo e a cualificación profesional dos empregados do contrato de xestión de residuos que a un contrato de mantemento electromecánico. A atención dispensada dende o contrato de xestión de residuos pode ser diaria dado que o propio persoal de limpeza da vía pública pasa diariamente por estes elementos, e no caso de estar incluídos no propio contrato xa serían atendidos en primeira instancia sen necesidade de desprazar outro medios.*

Á vista do especificado no citado informe, pódese concluír, que a modificación proposta está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece:

- Por un lado, á concesión da subvención outorgada pola Xunta de Galicia, causa recollida no apartado 15.C.f.2 (*“compatibilización da súa execución coa solicitude de axudas económicas que poidan ser de aplicación a estes investimentos (...) Convocatorias de axudas destinadas directamente á administración local, e nas que poda concorrer o Concello de Vigo como titular dos servizos obxecto deste contrato (beneficiario público)”*).
- En segundo lugar, por outra, á mellora tecnolóxica para o servizo de a xestión da fracción orgánica dos residuos ou biorresiduos recollidos a demanda procedentes de podas de xardín e depositados na vía pública, estando esta causa recollida no apartado 15.C.e das FEC (*“Causas de progreso técnico que melloren aspectos relacionados coa xestión de residuos (...) Novos modelos de recollida e xestión que sexan medioambientalmente máis sostibles ou que redunden nunha mellora para a economía circular fomentando tamén a transición enerxética.”*).
- E, en terceiro, e último lugar, á incorporación de novos elementos como o son as infraestruturas viarias do “Vigo Vertical”, causa recollida no apartado 15.C.a das FEC (*“O incremento de novas zonas a incluír no ámbito do obxecto do contrato sobre as recollidas no PPTP cando a suma delas dende o inicio do contrato supoñan un incremento superior ao 6 % das zoas de actuación incluídas”*).

Visto o anterior, queda comprobado que, a modificación proposta, está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

### **2.- MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NO PCAP (Artigo 205 LCSP)**

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, O artigo 205 establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

- a) Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

- Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
    - Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
    - Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
    - Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
  - c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluiron no contrato inicial.

Finalmente, sinalar que, o artigo 26 establece que, nos supostos do artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o

contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído

En relación ao anterior, o servizo xestor informa que:

## **"II.B.- PRESTACIÓNS A MODIFICAR NO CONTRATO PARA ATENDER AS NECESIDADES DESCRITAS**

*Á vista das necesidades descritas nas que se xustifica o interese xeral desta administración municipal para a modificación do contrato, procede a segunda modificación do contrato para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo, co seguinte alcance:*

(...)

### **4º.- Limpeza de praias**

*O contrato inclúe no seu obxecto a recollida de residuos dispersos nas praias os fins de semana e festivos entre o 1 de xuño e o 15 de setembro. Tamén os festivos da semana santa. Por razóns de interese público é necesario que a limpeza de todas as praias incluídas no obxecto do contrato se realice todos os días da semana no período no que son utilizadas como espazo de lecer pola veciñanza (2 de maio a 30 de setembro máis a semana santa). O interese público radica na necesidade de limpeza diaria dos areas, imprescindible para manter neles as condicións de hixiene e salubridade, durante todo o período estival. A modificación implica engadir servizos adicionais aos inicialmente contratados (engádese a limpeza de luns a venres e amplíase o servizo do 2 de maio ao 30 de setembro), e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria.*

*Esta modificación por **prestacións adicionais** é posible conforme ao indicado no **artigo 205.1 da LCSP sobre as modificacións non previstas no contrato**. A modificación implica engadir servizos adicionais aos inicialmente contratados (engádese a limpeza de luns a venres e amplíase o servizo do 2 de maio ao 30 de setembro) e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria (artigo 205.1.b LCSP).*

*A modificación xustifícase pola causa obxectiva de que é necesario engadir o servizo adicional de limpeza de praias durante os días de semana ampliando o período do 2 de maio ao 30 de setembro, ao inicialmente previsto no contrato de limpeza de praias en fins de semana (artigo 205.2.a LCSP). Xustifícase na imposibilidade de atender o servizo de limpeza de praias de luns a venres non festivos co persoal propio do Concello de Vigo. Esta limpeza, na data de licitación do contrato, realizábase con persoal municipal eventual interino por acumulación de tarefas, incluso no período do 2 de maio ao 30 de setembro, que coas novas disposicións legais en materia de emprego xa non é posible contratar, polo que o servizo quedaría desatendido a partir do ano 2025.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*O cambio de contratista non é posible por razóns económicas dado que suporía un incremento substancial de custe para o Concello de Vigo. A modificación non implica investimento en medios materiais dado que estes xa existen no contrato, que son os destinados a estas tarefas os fins de semana e festivos. A modificación do contrato afectará unicamente ao persoal e aos gastos de explotación que son necesarios para a prestación e que se inclúen nos custes da parte fixa do contrato. O cambio de contratista suporía a adquisición dos mesmos medios materiais para limpeza de praias que xa existen no contrato actual, co incremento de custe en investimentos que isto supría. Queda xustificado polo tanto o referido no artigo 205.2.a.1º LCSP.*

*A modificación do contrato por este concepto implica unha alteración na contía de 3.924.928,81 € sen IVE e como o prezo inicial sen IVE do contrato é de 366.241.126,06 €, supón un 1,07%. Xustifícase polo tanto que se cumpre o establecido no artigo 205.2.a.2º LCSP de que a modificación non excede do 50% do prezo inicial do contrato sen ive.*

*A prestación adicional pola que se modifica o contrato é a de limpeza de praias en días de semana non festivos do 2 de maio ao 30 de setembro. Esta variación do contrato é a estritamente necesaria para manter nas praias as condicións de hixiene e salubridade, no período estival no que son utilizados polos cidadáns como espazos de lecer. Nótese que non se incrementa o servizo par todo o ano, senón no período estritamente indispensable, polo que se limita a introducir a variación estritamente indispensable para responder á necesidade de interese xeral descrita."*

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación descrita ten encaixe, como ben se indica no informe do servizo xestor, no seu apartado 2.a) "Cando deviñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados", cumpríndose ambos os dous requisitos establecidos pola lei:

- Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

- E que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

### 3.- VALORACIÓN ECONÓMICA

O responsable do contrato, no seu informe de data 26 de agosto de 2024, cuantifica as modificacións solicitadas discriminando entre o custe das modificacións previstas e a non prevista no contrato do seguinte xeito e, dentro das primeiras, calcula a variación da parte fixa do prezo do contrato, por un lado, e a variación no plan de investimentos, por outro:

#### - Determinación da modificación por causas previstas no PCAP do CANON FIXO do contrato (Apartado III.D.1 do informe do servizo xestor)

ADXUDICACIÓN = MODIFICADO 1º				MODIFICADO 2º		
ANO	Total parte fixa S/IVE	IVE (10%)	Total parte fixa C/IVE	TOTAL SEN IVE INCREMENTO	IVE (10%)	Total con IVE
2022	16.113.954,99 €	1.611.395,50 €	17.725.350,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2023	32.584.794,09 €	3.258.479,41 €	35.843.273,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2024	32.974.236,93 €	3.297.423,69 €	36.271.660,62 €	1.432.336,00 €	143.233,60 €	1.575.569,60 €
2025	33.366.746,63 €	3.336.674,66 €	36.703.421,29 €	422.143,22 €	42.214,32 €	464.357,54 €
2026	33.764.337,66 €	3.376.433,77 €	37.140.771,43 €	427.173,39 €	42.717,34 €	469.890,73 €
2027	34.169.346,56 €	3.416.934,66 €	37.586.281,22 €	432.297,40 €	43.229,74 €	475.527,14 €
2028	34.579.438,73 €	3.457.943,87 €	38.037.382,60 €	437.485,73 €	43.748,57 €	481.234,30 €
2029	34.984.187,41 €	3.498.418,74 €	38.482.606,15 €	442.606,46 €	44.260,65 €	486.867,10 €
2030	35.393.811,05 €	3.539.381,11 €	38.933.192,16 €	447.788,86 €	44.778,89 €	492.567,74 €
2031	35.823.573,31 €	3.582.357,33 €	39.405.930,64 €	453.226,04 €	45.322,60 €	498.548,65 €
TOT=	323.754.427,36 €	32.375.442,74 €	356.129.870,10 €	4.495.057,09 €		4.944.562,80 €

E os totais son:

MODIFICADO 1º			MODIFICADO 2º	
ANO	Total parte fixa C/IVE		Total incremento con IVE	total parte fixa CON IVE
ano 1	2022	17.725.350,49 €	0,00 €	17.725.350,49 €
ano 2	2023	35.843.273,50 €	0,00 €	35.843.273,50 €
ano 3	2024	36.271.660,62 €	1.575.569,60 €	37.847.230,22 €
ano 4	2025	36.703.421,29 €	464.357,54 €	37.167.778,83 €
ano 5	2026	37.140.771,43 €	469.890,73 €	37.610.662,16 €
ano 6	2027	37.586.281,22 €	475.527,14 €	38.061.808,36 €
ano 7	2028	38.037.382,60 €	481.234,30 €	38.518.616,90 €
ano 8	2029	38.482.606,15 €	486.867,10 €	38.969.473,25 €
ano 9	2030	38.933.192,16 €	492.567,74 €	39.425.759,90 €
ano 10	2031	39.405.930,64 €	498.548,65 €	39.904.479,29 €
TOT=		356.129.870,10 €	4.944.562,80 €	361.074.432,90 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

Unha vez calculada a modificación do canon fixo do contrato, e dado que o modificado 1º non mudou este importe sobre a adxudicación, procede calcular a porcentaxe de incremento do canon fixo antes de impostos:

$$(4.495.057,09 / 323.754.427,36) \times 100 = 1,39\%$$

A cláusula 15 D das FEC do PCAP permite ata un 5% de incremento neste concepto.

### - Determinación da modificación por causas previstas do PLAN DE INVESTIMENTOS do contrato (Apartado III.D.2 do informe do servizo xestor)

	MODIFICADO 1	MODIFICADO 2
	TOT A+F sen iva	TOT A+F sen iva
2022	692.708,34 €	692.708,34 €
2023	1.977.861,82 €	1.977.861,82 €
2024	1.423.296,34 €	2.441.144,26 €
2025	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2026	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2027	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2028	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2029	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2030	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
2031	1.662.455,81 €	1.584.509,91 €
SUMA=	15.731.057,17 €	16.203.283,81 €
DIFERENZA=	<b>(MODIF 2 - MODIF 1) = +472.226,64 €</b>	

Ao que engadíndollo o IVE do 10% resulta:

$$472.226,64 \text{ €} * 1,1 = 519.449,31 \text{ €}$$

Cálculo da porcentaxe sobre a adxudicación:

$$((723.267,40 + 472.226,64) / 15.007.783,30) \times 100 = 7,96\%$$

A cláusula 15 D das FEC do PCAP permite ata un 20% de incremento neste concepto.

### - Determinación da modificación por causas NON previstas no PCAP que afecta ao CANON FIXO do contrato (Apartado III.E do informe do servizo xestor)

		MODIFICADO 1º				
ano 1		Total parte fixa S/IVE	incremento %	Novo servizo en praias S/IVE	IVE (10%)	Novo servizo en praias C/IVE
ano 1	2022	16.113.954,99 €				

ano 2	2023	32.584.794,09 €				
ano3	2024	32.974.236,93 €	1,20%			
ano 4	2025	33.366.746,63 €	1,19%	540.983,66 €	54.098,37 €	595.082,03 €
ano 5	2026	33.764.337,66 €	1,19%	547.429,91 €	54.742,99 €	602.172,90 €
ano 6	2027	34.169.346,56 €	1,20%	553.996,42 €	55.399,64 €	609.396,07 €
ano 7	2028	34.579.438,73 €	1,20%	560.645,35 €	56.064,54 €	616.709,89 €
ano 8	2029	34.984.187,41 €	1,17%	567.207,65 €	56.720,76 €	623.928,41 €
ano 9	2030	35.393.811,05 €	1,17%	573.848,98 €	57.384,90 €	631.233,88 €
ano 10	2031	35.823.573,31 €	1,21%	580.816,83 €	58.081,68 €	638.898,51 €
			suma=	<b>3.924.928,81 €</b>		<b>4.317.421,69 €</b>

O custe anualizado así obtido entrará a formar parte do canon fixo do contrato na anualidade 2025 e seguintes ata a fin de contrato, dado que este é un servizo que continuará prestándose na cidade.

Unha vez calculada a modificación do canon fixo por causas non previstas do contrato, procede calcular a porcentaxe que este incremento supón sobre a adxudicación antes de impostos:

$$(3.924.928,81 / 366.241.126,06) \times 100 = 1,07\%$$

O artigo 205.2.a.2º LCSP permite ata un 50% de incremento neste concepto.

Finalmente o informe determina o novo prezo do contrato tras a modificación (IV):

**TOTAL DO PREZO DO CONTRATO:**

		<b>Total oferta sen IVE</b>	<b>MODIF 1</b>	<b>MODIF 2</b>	<b>IVE do modif 2</b>	<b>Total con IVE modif2</b>
<b>TOTAL CONTRATO</b>	2022	16.882.647,04 €	16.882.647,04 €	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
	2023	34.322.764,71 €	35.076.059,55 €	35.076.059,55 €	3.517.071,69 €	38.593.131,24 €
	2024	35.567.821,91 €	35.542.422,16 €	37.992.606,08 €	3.809.314,80 €	41.801.920,88 €
	2025	38.024.550,33 €	37.999.150,57 €	38.884.331,56 €	3.898.801,45 €	42.783.133,00 €
	2026	38.724.500,76 €	38.699.101,00 €	39.595.758,40 €	3.970.426,88 €	43.566.185,28 €
	2027	39.314.313,19 €	39.288.913,43 €	40.197.261,36 €	4.030.759,64 €	44.228.021,00 €
	2028	39.917.084,46 €	39.891.684,70 €	40.811.869,89 €	4.092.261,05 €	44.904.130,94 €
	2029	40.528.776,07 €	40.503.376,31 €	41.435.244,52 €	4.155.152,22 €	45.590.396,74 €
	2030	41.150.509,04 €	41.125.109,28 €	42.068.801,22 €	4.218.525,78 €	46.287.327,00 €
	2031	41.808.158,56 €	41.782.758,80 €	42.738.855,77 €	4.286.113,52 €	47.024.969,29 €
	<b>tot:</b>	<b>366.241.126,07 €</b>	<b>366.791.222,84 €</b>	<b>375.683.435,38 €</b>	<b>37.673.853,36 €</b>	<b>413.357.288,74 €</b>

En resumen o importe do contrato que resulta da modificación nº 2 é o seguinte:

total parte fixa:.....332.174.413,26 €

amortización máis financiamento:.....16.203.283,81 €





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

<i>total parte variable:</i> .....	26.346.558,10 €
<i>total incentivo:</i> .....	959.180,21 €
<i>total ive 10%:</i> .....	37.472.425,52 €
<i>total ive 21%:</i> .....	201.427,84 €

**TOTAL do contrato modificado**  
**nº2:.....413.357.288,74€**

A modo de resumo da parte económica do presente modificado indicar que:

- As modificacións previstas no PCAP:
  - Supoñen un incremento de 4.495.057,09 € (sen IVE) da parte fixa do contrato que supón un incremento do 1,39 %.
  - Supoñen un incremento de 472.226,64 € (sen IVE) do prezo do plan de investimentos que, engadidos aos 723.267,40 € supón un incremento do 7,96 %.

Tendo en conta o anterior, ambos importes están dentro dos límites do 5 % e o 20 %, respectivamente, que establece o apartado 15.D) do Anexo I (FEC) do PCAP.

- A modificación NON prevista no PCAP:
  - Supón un incremento de 3.924.928,81 € (sen IVE) da parte fixa do contrato que supón un 1,07 %

Tendo en conta o anterior, o importe está dentro dos límites do 50 %, establecido no artigo 205.2.a.2º LCSP.

**-III-**

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.

- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (402.970.748,49 €), a porcentaxe de modificación da modificación non prevista é inferior ao 20% do prezo. Evacuado trámite de audiencia ao contratista en datas 14 e 27 de agosto de 2024, este en escritos de datas 14 e 27 de agosto de 2024, respectivamente, manifesta a súa conformidade.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: cumprir coas obrigas derivadas da concesión dunha subvención no marco do PRTR, melloras de tipo medioambiental asociadas a execución das prestacións obxecto do contrato. Así, tal e como informa o servizo xestor (conclusionés no apartado II.B):

*“a mellora tecnolóxica que supón a recollida a demanda dos restos vexetais mediante sacas reutilizables, o aforro de custes na adquisición de contedores para a vía pública cuxa adquisición xa estaba incluída, a mellora na xestión domiciliaria dos biorresiduos cos novos composteiros, o incremento nas campañas de concienciación cidadá, o incremento no servizo de limpeza de praias e o incremento no servizo de limpeza da infraestrutura viaria, son de interese público para garantir a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular”.*

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor (apartado IV), o importe da modificación ascende a 9.781.433,79 € con IVE.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

**-IV-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. O apartado 9.C do Anexo I (FEC) do PCAP establece que a garantía esixida será do 5% do prezo de adjudicación excluído o IVE, incluíndo a parte fixa do contrato, os investimentos, o financiamento destes e a parte variable.

A garantía definitiva que a empresa presentou na formalización do contrato ascende á cantidade de 18.312.056,30€. Posteriormente, na formalización da modificación nº 1 presentou outro aval complementario por importe de 27.504,84, do que resulta un total de 18.339.561,14 € polo que deberá complementalas ata o novo importe calculado.

**-V-**

### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

### **Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos

artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### **-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

#### **-VIII-**

#### **Proposta de acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, nos termos sinalados neste informe. Este contrato foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 9.781.433,79 € euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”.*

*Esta modificación supón un incremento de 4.495.057,09 € sen iva do prezo da parte fixa do contrato por causas previstas no PCAP que equivale a un 1,39%, e un incremento de 472.226,64€ do prezo do PLAN DE INVESTIMENTOS por causas previstas no PCAP, que engadindo os 723.267,40 € da primeira modificación do contrato tamén por causas previstas equivale a un 7,96% respecto da adxudicación, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20 % do total do Plan de investimentos e do 5% da parte fixa do prezo do contrato por causas previstas, segundo o disposto no apartado 15.D do Anexo I (FEC) do PCAP).*

*Asemade, supón un incremento de 3.924.928,81 € sen iva do prezo da parte fixa do contrato por causas non previstas no PCAP que equivale a un 1,07% respecto do prezo de adxudicación sen iva, o que queda dentro da marxe do*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1767/1102

*50% establecido no artigo 205 da Lei de Contratos do sector público.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil do contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(865).- ROGOS E PREGUNTAS.**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez